2.0.26	26/09/2007	1. 2. 3. 4. 5. 6. 7. 8.	Modificaciones en el DB_HS: En la definición de fracciones de los almacenes y espacios de reserva. Modificaciones en el Cálculo de condensaciones e implementación de la gráfica de condensaciones. Corrección de DB-SE en texto definido por el usuario. Corrección de Descripción topográfica y orientación de la parcela en Datos de finca. Texto por defecto en control de calidad galicia Modificaciones en el cálculo de muros en contacto con espacios no habitables en el DB_HE Modificación en el cálculo del factor solar modificado en huecos Documento en gallego de Datos de finca
2.0.27	08/11/2007	1. 2. 3.	Modificaciones en el DB_SU: Actualizado a las modificaciones del DB-SU de octubre del 2007 Modificaciones en el DB_SI: Actualizado a las modificaciones del DB-SI de octubre del 2007 Modificaciones en Presupuesto Anteproyecto, Estudio previo y Básico.

		<ol style="list-style-type: none"> 4. Modificaciones en Presupuesto de ejecución. 5. Corrección en el DB-SI: datos de las salidas. 6. Incorporación de la documentación modificada del CTE: DB-SI y DB-SU al programa 7. Modificaciones en el programa de necesidades.
2.0.28	03/12/2007	<ol style="list-style-type: none"> 1. Incorporación del DB HS3 Calidad del aire exterior 2. Incorporación de altura y zona térmica en la localización de la obra. 3. Modificaciones de idioma en el Presupuesto de ejecución.

Comprobar 2.

Segunda versión del programa "comprobar".




Durante el año 2007 hemos agotado las unidades disponibles. Sustituiremos este programa por "comprobar 3"


Durante el año 2007 se ha creado una edición especial utilizada con éxito en un curso de la Consellería de Industria (Xunta de Galicia) y el CIS Madeira.

Comprobar 2 AT.

Durante el año 2007 se ha finalizado la versión del programa "comprobar" personalizada a la OCT "AT control."



Excelcats



Estas humildes pero útiles aplicaciones, pese a que previsiblemente desaparecerían por aplicaciones mucho más eficientes como "memorias 2" siguen siendo unas de las ediciones que mayor número de descargas (1.500 anuales) y visitas en el foro tienen.

Son las siguientes:

-Excelcat Kg
Utilidad para el cálculo y desarrollo del Kg del CT-79. Aunque está derogado, sigue descargándose.

-Excelcat CA
Utilidad para el cálculo y desarrollo del CA-88.

-Excelcat CA - Masas
Utilidad para el cálculo y desarrollo del CA-88. Mediante la introducción de las masas.

-Excelcat condensaciones
Utilidad para el cálculo de las características higrotérmicas de un cerramiento (adaptado al CT-79).

-Excelcat Steiner
Utilidad para el cálculo del centro de gravedad y de la Inercia de perfiles compuestos.

-Excelcat calefacción
Utilidad para el cálculo de pérdidas y de la calefacción en viviendas.

APLICACIONES EN DESARROLLO:

Madera 1.


Programa para el cálculo de estructuras de Madera.



Durante este año 2007 se sigue testando por colaboradores externos la versión beta que nos han entregado los autores dedicando mientras tanto los esfuerzos de éstos al desarrollo de "comprobar 3"

Comprobar 3.

Durante este año 2007 se ha finalizado la tercera versión del programa "comprobar".



Se trata de una versión adaptada al CTE y con más elementos estructurales que sustituirá a "comprobar 2".

Se ha desarrollado también un sistema de protección que puede coexistir con el de "memorias" lo que supone una gran comodidad para nuestros colegiados y un importante ahorro para el COAG.

2. ASISTENCIA:

Durante el año 2007, además del foro antes referido se ha seguido facilitando asistencia al colegiado sobre la usabilidad, los cálculos, y dudas en general del resto de ediciones.

Este apartado, tal y como se expone en la introducción es un punto considerado vital para la imagen y servicio del departamento.

Se han atendido consultas sobre las Excelcat CA, Calefacción, Condensaciones, Kg, Steiner y sobre el programa Comprobar y se ha dado asistencia a los usuarios de nuestros programas. (comprobar, excelcats, etc)

3. COMUNICACIÓN:

Se ha idealizado y mantenido la red de distribución creada durante todo el año 2006 atendiendo a los gráficos adjuntos.

DISTRIBUCIÓN DE LAS APLICACIONES. (COAs)



DISTRIBUCIÓN DE LOS LIBROS.



MAPA 2007 DE LA RED DE DISTRIBUCIÓN DE EDICIONES

- | | |
|-----------------------------|------|
| 1. Librerías Técnicas | : 17 |
| 2. Escuelas de Arquitectura | : 4 |
| 3. Cooperativas De Colegios | : 14 |
| 4. Cats | : 12 |
| 5. Bibliotecas de Colegios | : 4 |

En Santiago de Compostela a 20 de mayo de 2008

Santiago Pintos Pena
 coordinador de proxectos editoriais do COAG

BIBLIOTECA

FONDOS BIBLIOGRÁFICOS

_ Se ha superado los 10.000 registros bibliográficos (sin incluir revistas), lo que nos sitúa en el segundo grupo en importancia de bibliotecas de Colegios, como así se publicó en el estudio sobre la Encuesta de las Bibliotecas Colegiales.

TAMAÑO DE LA COLECCIÓN Bibliotecas

Hasta 2.000	20.6 %
De 2.001 a 5.000	29.4 %
De 5.001 a 10.000	32.4 %
De 10.001 a 20.000	8.8 %
Más de 20.001	8.8 %

_ Suscripción a las nuevas revistas de arquitectura que salieron al mercado.

_ Además de las compras generales, se ha incidido en las siguientes temáticas, según demanda de los colegiados:

- + Arquitectura y urbanismo bioclimático y sostenible.
- + Paisajismo urbano y diseño de parques y jardines.
- + Urbanismo desde el punto de vista teórico y práctico.
- + Guía de arquitectura de ciudades y países.

COORDINACIÓN CON LAS BIBLIOTECAS DE DELEGACIONES

_ Se ha realizado varios contactos y una reunión a la que asistieron los representantes de las delegaciones de Lugo, Vigo, Pontevedra, Santiago

_ Visitas a las Bibliotecas de Pontevedra y Ferrol para asesoramiento y valoración de las mismas, para analizar el interés de mantener la Biblioteca y dar unas pautas mínimas para la transformación de simples estanterías con libros en bibliotecas. Bajo la perspectiva de que el Catálogo Colectivo de las Bibliotecas colegiales (CSCAE-ABBA) será especialmente positivo para el futuro de las bibliotecas de pequeño tamaño a través de su inclusión en una red más amplia que facilitará la simplificación de la catalogación.

_ Creación de un espacio de trabajo entre Vigo, Lugo, Pontevedra (que han unificado su horario de trabajo en el viernes) con la Biblioteca de Sede a través del sistema de Messenger de Yahoo utilizado entre los trabajadores del COAG. Esto agiliza la resolución de dudas tanto catalográficas como de clasificación, así como peticiones de los colegiados de las delegaciones.

_ Iniciar la coordinación de fondos con el fin de evitar duplicados así como la mejora de la colección conjunta. Es de señalar que el conjunto de fondos de Galicia, sin contar en la delegación de Coruña se sitúan en los 15.000 libros

SERVICIOS BIBLIOTECARIOS

_Aumento de las solicitudes de información bibliográfica y de préstamo, así como de formación en búsquedas bibliográficas, atendidas directamente en la biblioteca, a través del teléfono o por medio de tutoriales ya elaborados y enviados por correo electrónico.

_ Se mantienen todos los servicios que la biblioteca viene ofreciendo en los últimos 7 años.

COMISION PARA LA COORDINACIÓN DE LAS BIBLIOTECAS COLEGIALES

_ Actividad coordinada desde la Biblioteca del COAG y que lleva a cabo tres proyectos

+ CPCAE, Catálogo de Publicaciones de COA's: proyecto casi en su recta final. Consecución de incluir en este Catálogo Virtual más de 750 libros de las publicaciones colegiales, con información de precio, distribución, etc. En proyecto la segunda fase de promoción. Reconocimiento por parte de librerías, distribuidoras nacionales e internacionales de la categoría de Casallini Libros.

+ CCBCAE, Catálogo Colectivo de Bibliotecas de COA's: proyecto avanzado, creada la herramienta que da soporte al catálogo, incluido por parte de la empresa Biblio3000 el programa en el servidor del CSCAE y creación de un espacio virtual de trabajo y debate entre todos los miembros de la comisión

+ Encuesta Bibliotecas Colegiales: desde la primera encuesta lanzada desde la Biblioteca del COAG, en este comienzo de año se lanzará la tercera

En Santiago de Compostela a 20 de mayo de 2008

D^a Clara Brea Bermejo
Responsable Biblioteca coag

D. César Coll Nuez
Vocal Xunta de Goberno

INFORMÁTICA

Introdución

Nas páxinas seguintes expóñense aqueles traballos máis importantes realizados no Departamento de Informática no ano 2007, así como os principais proxectos a iniciar ou continuar coa apertura do novo exercicio.

Non se inclúen as tarefas cotiás efectuadas dende o Departamento como son a solución de avarías nos postos de traballo e servidores de rede, realización de tests, redacción de informes ou estatísticas, reparación de erros humanos ou provocados por programas na base de datos, solución de problemas cos servizos de internet, renovación de certificados dixitais, ou a alta de usuarios rexistrados na base de datos de Internet e/ou correo electrónico.

Principais traballos desenvolvidos

Xestión Colexial

Sistema de valoración de dificultade de visado, "peso"

A valoración da dificultade de visado de cada proxecto, en canto a tempo de tramitación, é un factor determinante para acadar unha mellor avaliación do traballo e unha correcta asignación de recursos. Partindo dunha táboa feita polo asesor técnico da Xunta de Goberno, D. Alberto Escobar, como primeira aproximación, realizáronse as análises e estatísticas de validación, e introduciuse na plataforma de xestión o cálculo automático e a toma de decisións en función desta nova magnitude.

Sistema automático de reparto do traballo en Visado Dixital

Logo de dispor da vinculación de cada tipo de documento co seu "peso", creouse un novo método de asignación automática do traballo para os proxectos en formato dixital (25% de expedientes novos, en 2007), entre os arquitectos de visado das delegacións de Vigo e A Coruña. A filosofía foi realizar unha repartición por "vasos comunicantes", buscando preferentemente a vinculación xeográfica e a revisión por parte de quen visou o antecedente, se este existe.

Como segunda aproximación, implementouse e púxose en funcionamento un novo algoritmo que repartía o traballo en función do volume de visado físico de cada centro.

A asignación de visador a cada proxecto é publicada na web en canto esta se produce, para seguimento dos colexiados. Ó mesmo tempo, dispúxose na web dunha sección onde poden ser consultados os tempos de visado de cada un dos centros do COAG.

Formación de Arquitectos de visado en tramitación dixital

Colaborouse coa Comisión de Visado na realización das sesións de formación de arquitectos de visado para incorporalos á

tramitación dixital. As delegacións que recibiron a formación foron: Pontevedra, Lugo, Ferrol, Santiago e Ourense; así como todos os arquitectos asesores do CTE.

Estatísticas de visado

Realizouse unha extracción dos datos estatísticos de edificación do ano 2006, así como un proceso de depuración dos mesmos en colaboración coas delegacións. Unha vez finalizado, se deseñáronse as estatísticas utilizando como base o estudo (2000-2005) e participouse na creación da análise comparativa. Configuráronse listados particulares dos datos co obxecto de ser enviados á prensa ou outras institucións.

Nesta mesma liña, foron introducidos na plataforma de xestión (COAGXestión e COAGEstudio) novos controis de verificación co fin de que os datos estean cada vez máis depurados.

Apoio ao persoal de asistencia ao visado dixital (902)

Desde decembro de 2006 a asistencia ao visado dixital pasou a levala a cabo o arquitecto Luís Álvarez a través do teléfono 902, nas dependencias do Departamento. Realizáronse as tarefas de formación, asesoramento e apoio permanente a Luís Álvarez por parte de membros do Departamento de Informática, así como a súa substitución durante ausencias ou vacacións.

Así mesmo, dispúxose un traballador destinado prioritariamente á asistencia aos estudos en caso de dificultades informáticas, en especial durante os períodos críticos, como en marzo coa entrada do CTE. A adquisición de da aplicación Inquiero, para a asistencia remota aos pc dos estudos, axilizou a resolución de incidencias, posibilitando a prestación dun servizo “case presencial”.

Mellora de eficiencia de revisión en visado dixital.

Cambiouse o mecanismo de posta a disposición da información de proxectos dixitais aos visadores, co fin de adaptala ao novo proceso de reparto e facela máis eficiente (cacheado en diferido). Conseguiuse unha maior claridade e unha disposición automática de toda a información necesaria no momento do visado.

Novo sistema de análise de proxectos, “catálogo de incidencias”

Un punto chave para a evolución do visado foi a definición do catálogo de posibles incidencias/retencións, en función do tipo de traballo e tipoloxía dos expedientes. Partindo dunha primeira versión deste catálogo, elaborado por D. Alberto Escobar e D. Anxo de la Puente baixo o esquema deseñado no Departamento, creouse un novo sistema de control de incidencias nas aplicacións de xestión, moito máis completo e áxil de utilizar, como primeira fase.

A primeira versión realizouse en galego. Posteriormente, publicouse unha versión bilingüe galego-castelán.

Este novo catálogo, con preto de 300 incidencias, contribuíu a homoxeneizar criterios e posibilitou unha mellor análise dos motivos de retención de traballos no COAG.

Versións COAGEstudio e COAGXestion, emisión de certificados dixitais, carpetas e novos manuais

Publicáronse catro novas versións da aplicación de visado dixital, introducindo melloras que dotaron ao programa de maior estabilidade e solidez. Como consecuencia, as incidencias reducíronse de xeito importante, o cal permitiu dispor de maior tempo para realizar traballos de creación de novas funcionalidades. Neste escenario de estabilidade da plataforma, e sumando as baixas ocorridas na praza de programador e a necesidade de atender a outras prioridades relacionadas co VD¹, desprazouse o desenvolvemento e publicación do COAGEstudio2.0.

Publicáronse 19 versións de COAGXestion, introducindo melloras funcionais na tramitación dos expedientes.

Ao mesmo tempo, redactáronse e distribuíronse o manual e a FAQ (preguntas e respostas máis frecuentes) relativos ó Visado Dixital, totalmente actualizados. Emitíronse os correspondentes certificados dixitais (~400), tanto para usuarios novos como para renovacións.

Análise datos Comisión de Visado

Co fin de posibilitar unha análise detallada da situación do visado no COAG realizáronse, a indicación da Comisión de Visado, unha serie de estudos estatísticos a partir da información da aplicación de xestión colexial. Foron configurados listados de tempos de visado, frecuencia e motivo de retencións, rendemento de visadores, fluxo territorial de traballo, etc.

Na mesma liña, elaborouse un informe coa análise dos principais motivos de retención no proceso de visado, que foi publicado na web para coñecemento de todos os colexiados.

Deseñouse unha zona web onde a Comisión pode avaliar en tempo real cal é a situación de cargas de traballo por visador en cada un dos centros do COAG, tanto para formato físico como para dixital. Esta ferramenta permite tomar decisións sobre a dotación de recursos para facer máis eficiente o visado.

Nova plataforma Contabilidade/Navision

Logo dos problemas xurdidos co integrador de Navision Bindar, a principios de ano contratouse a un novo integrador: Euclides-Otero.

Realizáronse as análises e desenvolvementos precisos desde o punto de vista técnico-informático, tanto en Navision como en COAGXestion, para relacionar a aplicación de xestión coa contabilidade en tempo real e posibilitar novas formas de orientar a os procesos contables (factura única mensual, xestión de cobro, domiciliación, etc.).

Este importante troco funcional, que permite realizar con maior eficiencia e fiabilidade os procesos contables, púxose en funcionamento en 2008.

¹ Fundamentalmente de organización interna: entre outras as mencionadas de sistemas de peso, reparto e asignación de proxectos, instalación de novos postos, consolidación da posta en produción do método de pago por domiciliación e relación coa aplicación de contabilidade.

Introducción da sinatura manuscrita na ficha colexial.

Co obxecto de que se poidan verificar as sinaturas manuscritas dos colexiados, introducíronse estas na ficha colexial de COAGXestion. A secretaría colexial foi a encargada de escanear masivamente as sinaturas partindo dos arquivos de colexiación. Ó mesmo tempo, comezáronse a escanear as fotografías que nese momento no o estaban.

Servizos Web

Web de planeamento: estudo e colaboración

Realizáronse estudos e tomas de contacto para a evolución a curto prazo da web de planeamento urbanístico. Mantívose unha reunión con responsables da Xunta e pedíronse ofertas a distintos provedores. A finais de 2007 parouse esta liña de traballo, pois a responsabilidade dos desenvolvementos e melloras pasou a ser da Xunta de Galicia, de modo que o Departamento encargouse de dar soporte aos catro arquitectos desprazados nas dependencias da Consellería².

Cambio da plataforma do correo electrónico

O COAG ven ofrecendo servizo de correo electrónico @coag.es aos seus colexiados desde o ano 1996. Ata comezos de 2007, todas as implicacións infraestructurais (hardware, comunicacións, software de servidor) e de xestión viñan sido soportadas polo Departamento de Informática.

O exponencial aumento do correo spam, do número de usuarios, e a maior criticidade do servizo de correo electrónico, forzaron, entre outros factores, a necesidade dun cambio de modelo no servizo.

A finais de febreiro detectáronse as primeiras dificultades no servizo mail debido á inxente cantidade de correo lixo entrante (80%) e ao consecuente esgotamento da liña de comunicacións dispoñible en sede. Procedeu, como medida urxente e provisional, ao traslado do servidor ás dependencias do provedor de comunicacións R para poder dispor dun ancho de banda suficiente. En paralelo, estudáronse distintas ofertas de provedores sobre a delegación da parte infraestructural do servizo, elixíndose finalmente a de R. A finais de maio realizouse un proceso de migración do servizo, mantendo a información presente nas caixas de correos dos colexiados e evitando, ademais, cortes no servizo.

Con este cambio, mellorouse ostensiblemente o servizo, en especial no que se refire á velocidade, tratamento do correo spam e dispoñibilidade.

Web colexial


En colaboración cos distintos Departamentos/Comisións do COAG publicouse unha importante cantidade de información na web, o que motivou un aumento importante nas visitas diarias. Reformáronse principalmente os apartados de visado, documentos e persoais e normativa.

² En 2008 o COAG vai a realizar unha proposta de evolución técnica da web de planeamento (WMS, GoogleEarth,...) á Xunta.


Doutra banda creáronse novos servizos online en tempo real para colexiados: información económica de visado, posibilidade de descargar as facturas pola web, consulta dos tempos de visado dos distintos centros do COAG e xestión dos datos colexiais por parte dos estudos (secretaría online, mediante contrasinal, DNle ou token de visado). A publicación deste último servizo farase efectivo en 2008, logo da pertinente análise da auditora sobre o cumprimento da LOPD.

Creouse a sección web do decanato, onde se expoñen as principais liñas de traballo da Xunta de Goberno do COAG.

O número de usuarios da web incrementouse ata os 3.183.



O número de medio de visitas á web aumentou respecto do ano 2007 nun 25%.



Difusión por correo electrónico: mailings

Ata a completa posta en produción de COAGEnda, os envíos por correo electrónico aos colexiados emitidos desde calquera departamento/comisión do COAG son maquetados e enviados de modo centralizado por parte do Departamento de Informática. Os envíos realizados (498) foron, principalmente, referentes a eventos, cursos, noticias importantes e circulares.

Creación do Blog do CTE e memorias2

Púxose en produción o blog do CTE, desde o cal os asesores do COAG poden ofrecer aos colexiados unha completa información sobre todos os aspectos relacionados co Código Técnico da Edificación. O Departamento encargouse do deseño, estruturación

e primeira carga de información, e a partir de aí os asesores, a través de Dona Patricia del Río, foron autónomos á hora de publicar a información.

Este mesmo modelo de funcionamento foi replicado tamén na creación dos blogs “memorias 2” e “comprobar”, así como nos foros de discusión destes mesmos programas.

COAGEnda

Realizáronse as pertinentes validacións dos desenvolvementos feitos para a COAGEnda, unha plataforma web para a xestión, publicación e envío de eventos do colexio por parte dos usuarios do COAG. Tamén servirá para a creación automática de circulares. A súa posta en funcionamento está prevista para mediados de 2008.

Aloxamento de webs de colexiados

Aloxáronse nos servidores do colexio as web dos estudos que así o solicitaron.

Sistemas e comunicacións

Análisis nova plataforma de comunicacións. Telefonía IP.

O COAG dispón de dúas liñas de datos: a pública, para os servizos de Internet coag.es, e a privada para a interconexión dos seus centros (delegacións, sede e cat). Dada a constante evolución de tecnoloxías e prezos das comunicacións, faise conveniente revisar con certa periodicidade as distintas ofertas dispoñibles no mercado que se poidan adaptar ás necesidades do COAG.

Deseñouse unha nova configuración das liñas de comunicacións do COAG, dotando dun maior ancho de banda tanto ás canles internas como á canle pública de Internet. Isto último permitirá unha maior marxe de capacidade para a entrada e saída do visado dixital nun escenario de utilización íntegra deste medio. Solicitáronse ofertas a ONO, Telefónica, British Telecom e R.

Entre tanto, mellorouse sensiblemente o rendemento da liña pública mediante o uso dun dispositivo de xestión de ancho de banda (packetsheeper), o cal posibilita, entre outros, garantir cotas de velocidade de acceso aos servizos a todos os usuarios independentemente da calidade da súa conexión. Isto mellora, particularmente, a subida e baixada de proxectos de visado dixital dende os estudos.

Doutra banda, a principios de ano foron instalados catro terminais de telefonía IP nos distintos puntos de atención do visado dixital. As principal vantaxe de utilizar telefonía IP é a súa portabilidade dentro de calquera punto da rede de datos do COAG, o cal que permite unha maior operatividade.

Actualización sistemas de respaldo, “BackUp”

Cambiouse o robot de copias de seguridade dos distintos servidores do COAG (datos, arquivo dixital e arquivos corporativos). O funcionamento óptimo dos sistemas de respaldo de datos é crítico para a seguridade dos mesmos.

Actualización de seguridade perimetral na rede corporativa, "firewall"

Actualizouse o software de seguridade dos dispositivos de control de tráfico de rede (firewall), e revisáronse as regras de seguridade establecidas. Actualizáronse os antivirus corporativos.

Dotación de novos postos de visado dixital

Dotouse a todas as delegacións de novos equipos (2 pantallas + pc + adobe pro) para a realización de visado dixital, para os arquitectos de todas as delegacións con tramitación VD.

Outros Traballos**Selección e formación de programador**

As sucesivas baixas ocorridas no posto de programador supuxeron un importante impacto nos desenvolvementos planificados. Fíxose un proceso de selección de persoal, en colaboración con EOSA, e seleccionouse a D. Alberto Rial para o posto. Destináronse recursos á formación do novo traballador na lóxica de negocio do COAG e no estado dos traballos.

Colaboración no desenvolvemento e distribución do programa de memorias

A importantísima proxección que tivo o programa de memorias desenvolvido na CAT provocou a aparición de necesidades críticas a resolver en breve prazo, fundamentalmente relacionadas coa súa distribución. O Departamento prestou a súa axuda e asesoramento na creación de servizos web para a validación de licenzas e dispuxo unha solución para a áxil descarga de actualizacións por parte de todos os usuarios de España.

Informes para a administración

Foron requiridos informes particulares³ de información de colexiados e/ou encargantes, tanto por parte de autoridades xudiciais como de Facenda. Especialmente os requiridos por Facenda, polo laboriosos, importantes e exhaustivos que resultan, consumiron unha importante cantidade de recursos.

Creación de Base de datos de Arquitectos Funcionarios (Xunta)

Colaborouse co arquitecto asesor de Xunta de Goberno, D. Alberto Escobar, elaborando unha base de datos de arquitectos funcionarios da Xunta de Galicia. Para iso partiuse dos directorios públicos de funcionarios da propia Xunta.

CSCAE: estatísticas e base de datos de colexiados

Enviáronse as novas follas de estatísticas da edificación requiridas polo CSCAE, así como os distintos ficheiros coa base de datos de colexiados.

Conversacións Concello de Vigo visado dixital

Mantívose unha reunión con representantes do Concello de Vigo para exporlles o proxecto de visado dixital desenvolvido no COAG

³ Xa que logo difíciles de sistematizar.

e comentar as posibilidades de dar continuidade ao trámite dixital para a obtención da licenza municipal.

Convenio COAG-IGVS

O Departamento de Informática, baixo a dirección de D. Alberto Escobar, encargouse do control, xestión e seguimento do visado de proxectos (~440) correspondentes ó Convenio COAG-IGVS.

Sinatura dixital

Analizáronse os distintos sistemas existentes no mercado para habilitar a sinatura remota e dixital da documentación oficial por parte dos membros de Xuntas Directivas e Xunta de Goberno. Substituíse o certificado para a sinatura dos proxectos dixitais visados por un de entidade xurídica do COAG.

Xestión de contidos

Analizáronse os distintos sistemas existentes no mercados sobre xestión de contidos, co fin de racionalizar e facer máis áxil a consulta e actualización da información de xestión dende calquera punto de Internet.

Iniciativas para o vindeiro exercicio

As liñas de traballo do vindeiro ano acometerán cambios na xestión, principalmente visado dixital e contabilidade, así como a dotación de servizos online para os estudos. Detállanse a continuación as liñas previstas.

Xestión Colexial

- Novo sistema de reparto de visado, combinando o peso do visado físico e o dixital.
- Migración da plataforma de Servizos Dixitais á tecnoloxía .NET 2.0. Integración das novas funcionalidades desenvolvidas. Implantación nos primeiros estudos da nova versión de COAGEstudio.
- Finalización do desenvolvemento do novo módulo de incidencias: novos informes de visado e retención, retención automática (desaparición do “texto libre”).
- Emisión de informes automáticos por parte do sistema para seguimento de actividade en cada posto e análise de recursos.
- Novo sistema de contabilización en tempo real das operacións económicas de visado, integración con COAGXestion, compatibilidade coa base de información económica anterior. A posta en produción foi establecida para coincidir co cambio de exercicio contable en 2008.
- Pasarela de pagamentos online, logo da sinatura coa entidade/s bancarias.
- Dixitalización do rexistro de entradas/saídas.

Servizos Web

- Publicación da zona de xestión online de datos de colexiados, xa desenvolvida, e posible inclusión de novas funcionalidades.
- Migración á tecnoloxía .NET2.0 da zona de consultas online de colexiados (visado, datos económicos).
- Posta en probas e en produción de COAGEnda. Migración desde o sistema actual. Desenvolvemento dos webservice necesarios (envíos masivos, compendio de pdf, etc.). Extensión da COAGEnda a outros ámbitos (Xuntas de Goberno, funcionamento de comisionas,...).
- Creación de novas zonas na web.
- Mellora do interface de correo electrónico web.

Sistemas e comunicacións

- Cambio da rede de datos do COAG, tanto na liña pública como na privada.
- Dotación a todas as Delegacións de postos para a realización de visado en formato dixital.
- Virtualización do contorno de desenvolvemento.
- Externalización do servizo DNS (tradución en Internet de nomes coag.es)
- Separación de servidores para base de datos de xestión e Navision.
- Implantación dun sistema de control de asistencia centralizado por cartón para empregados.

Outros Traballos

- Auditoría de protección de datos (obrigatoria cada dúas anos). Sensibilización sobre o cumprimento desta lei nos estudos de arquitectura.
- Convenios con provedores de tecnoloxía e telefonía, tanto para servizos colexiais como para os estudos.

Manuel Ángel Da Cruz Blanco
Director de Área, Departamento de Informática
En Santiago de Compostela, a 31 de marzo de 2008

COMISION VISADO XUNTA DE GOBERNO

- A continuación y resumidamente se indican las actuaciones realizadas por la comisión

La comisión de visado presidida por el que suscribe el presente informe inicia su andadura después de las elecciones celebradas el 12 de mayo de 2007.

Esta comisión de visado venía desarrollando su actividad bajo la Presidencia del arquitecto Don José Jaime Vázquez Iglesias hasta el momento en que se produce mi nombramiento.

Se inicia la presidencia de la Comisión de Visado con una reunión con todos los arquitectos de visado y asesores del CTE del COAG.

En esta reunión se trazan las líneas maestras de actuación de esta comisión y se ponen de manifiesto los problemas existentes.

Recursos Humanos

En cuanto a la estructura de esta comisión, se plantea aprovechando todos los recursos disponibles, es decir, las delegaciones son el verdadero protagonista de la estructura colegial, siendo la Sede un agente coordinador entre las diferentes delegaciones.

En Sede la estructura está constituida por los siguientes miembros:

- Alberto Escobar, como asesor técnico de la Junta de Gobierno
- Antonio Freire, como Presidente de la Comisión de Visado.

Como coordinadora de comunicaciones, se ha contado con la secretaría colegial, representada por Doña Mar Cajaraville.

Y no se puede dejar de considerar la inestimable colaboración del resto de personal de Sede, que ha contribuido a materializar en éxito cada tarea iniciada.

En las Delegaciones se disponen como recursos los arquitectos de control, visado y asesores del CTE de cada una de las delegaciones, actuando como coordinadores de la delegación y agentes que trasladan a los responsables de Sede las diferentes cuestiones a resolver.

Además el resto de compañeros de las delegaciones se han incorporado a tareas específicas en la resolución de las diferentes cuestiones.

Así se han desarrollado aspectos concretos sobre los siguientes aspectos:

- Documentación del visado
- Información en el visado
- Formación
- Procedimientos
- Programa COAG Gestión
- Acuerdos expedientes
- Asuntos Secretaria
- Utilidades documentos tipo

Dentro de la documentación de visado, se han desarrollado tareas en los siguientes aspectos:

- Nuevo modelo de CFO derivado del CTE
- Documentación básica colegial.
- Impresos derivados de la Ley de Protección de Datos.
- Documentos de visado, actualización y puesta al día.
- Mantenimiento y actualización de las fichas de normativa y servidumbres.

En el ámbito de información, se acometen las siguientes cuestiones:

- El visado colegial y su contenido mínimo.
- Elaboración de la circular sobre la nueva ley del suelo.
- Gestión de la información generada por los asesores del CTE.
- Información del estado de visado en la web colegial.
- Listados de los técnicos de las diferentes administraciones públicas.
- Actualización de las fichas de colegiados y el programa COAG Gestión.
- Listado actualizado de las figuras de planeamiento y técnicos municipales.
- Estadísticas de la edificación de visado desde el 2000.
- Disponer del espacio web de la Comisión de Visado.
- Dar cuenta de la coordinación de asesores del CTE.
- Recopilación de Actas y Acuerdos de la Comisión de Visado.
- Crear la imagen corporativa dentro del COAG.
- Recopilar las ordenanzas de licencia de primera ocupación y de protección acústica vigentes en los ayuntamientos de Galicia.
- Captación de recursos del BLOG del CTE.
- Ley de sociedades y visado colegial.
- Libro del edificio y acuerdos del CSCAE.

En el aspecto de Formación, se han resuelto:

- Considerar la necesidad de asistencia de los arquitectos al servicio del COAG, a los cursos organizados por la CAT.
- Organización de cursos específicos para los arquitectos de visado y la posible preparación de un equipo de arquitectos capacitados para desarrollar tareas de visado.
- Organizar los cursos de visado digital para la implicación en el sistema de todos los empleados del COAG.

- Organizar cursos de visado digital a colegiados para fortalecer su implantación.

Por otro lado tenemos las cuestiones que afectan a los Procedimientos de Visados, y en este sentido tenemos tareas desarrolladas como las siguientes:

- Establecer una composición de comisión de visado, para su aprobación por la Juna de Gobierno del COAG.
- Tipificar los procedimientos de traslado de expedientes para su resolución por la comisión de visado.
- Unificar los sellos de visado colegial.
- Unificar el procedimiento de tramitación de las renunciaciones de arquitectos en los expedientes colegiales.
- Revisión e recursos para la implantación del visado colegial.
- Revisión del procedimiento de firma digital de los expedientes.
- Establecer acuerdo sobre la certificación relativa al artículo 29 de la LOUGA.
- Establecimiento de la ISO9000 en visado.
- Resolver la cuestión del ámbito territorial del visado y su implicación en los descuentos colegiales.

Otro aspecto que está siendo objeto de revisión es el PROGRAMA COAG, considerando los siguientes trabajos:

- En el manejo de COAG Gestión, sistematizar el uso del programa y establecer un sistema georeferencial de los expedientes.
- Implantación de una estructura de deficiencias tipo.
- Creación de fichas de autocontrol y supervisión.
- Realizar estadísticas de deficiencias tipo.
- Reestructuración del documento de comunicación de incidencias a los colegiados.
- Implantar el procedimiento técnico de resolución de las comunicaciones de renunciaciones.
- Gestión de las cargas de trabajo de manera cuantitativa, control de recursos.
- Cuantificación de carga de trabajo por documentos.
- Generar el certificado de visado a todos los expedientes.

Otras tareas se han desarrollado en el sentido de resolver la necesidad de disponer de los documentos de referencia, como son acuerdos, dictámenes y otros documentos que de alguna manera regulan la actividad del visado. Así se ha estado trabajando sobre:

- Refundir los acuerdos de las comisiones de visado anteriores.
- Retomar la relación con la Comisión autonómica de accesibilidad, en cuanto a la coordinación de criterios de visado.
- Recopilar acuerdos de visado de las delegaciones y resolver en cuanto a su implantación en el ámbito del COAG.
- Resolver la cuestión derivada de los proyectos parciales.

- Resolución en cuanto a la utilización de la firma digital.
- Revisión de circular de reformados.
- Resolución en aplicación de la normativa a los expedientes de legalización y CTE.
- Resolución acerca del CTE y las ampliaciones de las edificaciones.
- Revisión de baremación EBSS o ESS.
- Resolución de aplicación del DB HS a los patios interiores.
- Resolución de cuestión derivada de los descuentos aplicados en ESS de un colegiado.
- Resolución en cuanto a las obligaciones de los promotores en relación con la seguridad y alud de las obras.
- Resolución reclamación sobre descuentos de SS.

También se desarrollan tareas vienen derivadas de la Secretaría colegial. Pasamos a enumerarlas, de manera somera:

- Apoyo en el desarrollo del Convenio del COAG y CVS, cédula de rehabilitación.
- Desarrollo de las tareas encaminadas a la gestión de la obra oficial.
- Implantación del GESPLAN en el COAG.
- Coordinación del visado y los colegios de aparejadores.
- Convenio con DXOP COTOP
- Concursos
- Convenio Consorcio de Santiago.

Otros asuntos sin clasificar se enumeran a continuación para conocimiento de os compañeros:

- Actualización el pliego de condiciones de edificación.
- Actualización del pliego de condiciones de urbanización.
- Realización de la Excelcat de HE1.
- Aplicación para la resolución del dimensionamiento de ventilación mecánica híbrida.
- Modelo para la opción simplificada de la certificación energética.
- Memoria técnica para el cumplimiento del RITE en instalaciones entre 5 y 70 Kw.
- Libro de incidencias y de órdenes en soporte digital.
- Libro del edificio en soporte digital.
- Propuesta de solicitud de licencia tipo.
- Memoria tipo LOUGA en suelo de núcleo rural y suelo rústico.
- Resumen de presupuesto protegible para viviendas de protección.
- Presupuesto estimado de costes de proyecto.
- Previsión de cargar para suministros de instalación eléctrica de baja tensión.
- Medidas de superficie tradicionales de parcelas.
- Listados de OCT de Galicia.
- Cursos de formación de nuevos colegiados.
- Actualización de memoria y pliego de derribo.
- Nuevo tomo de CTE.
- Consultas Gescat.

- Revisión de documentos generados por la CAT de Cataluña.

Estas tareas están en desarrollo y parte de ellas ya se han resuelto.

Su resolución se ha plasmado en las actas de la Comisión de Visado, que se han llevado a la Junta de Gobierno para su conocimiento y aprobación.

En Santiago de Compostela a 20 de mayo de 2008

Antonio Freire Romero
presidente comisión de visado COAG

COMISIÓN DE CULTURA

A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, está integrada por catro Delegados da Xunta de Goberno, dos que un ostenta o título de Presidente, e sete Vogais das Delegacións.

No decurso do exercicio que se contempla foi a seguinte:

A) membros designados pola Xunta de Goberno:

D.	FELIPE PEÑA PEREDA	PRESIDENTE
D.	JOSÉ LUIS VARELA ALEN	SECRETARIO
D.	CÉSAR COLL NÚEZ	RESPONSABLE DE BIBLIOTECA

B) vogais das diferentes Delegacións:

D.	PEDRO TABOADA DE ZUÑIGA CAMPOS	A CORUÑA
D.	JOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA	FERROL
D.	ANGEL SÁNCHEZ GONZÁLEZ	LUGO
D.	MARIA CRUZ LÓPEZ VISO	OURENSE
D.	MARIA ROSA MAGDALENA FERNÁNDEZ	PONTEVEDRA
D.	MÓNICA DÍAZ RODRÍGUEZ,	VIGO
D.	IVÁN ANDRÉS QUINTELA	SANTIAGO

O pleno da Comisión celebrou neste período 1 sesión ordinaria, tiveron lugar así mesmo outras 12 reunións para a organización de actividades, desenvolvemento de Convenios, Xurados, Premios, Concursos e Publicacións.

Para levar a cabo estas actividades realizáronse os seguintes traballos: Convocatorias e envíos de documentación. Transcricións e redaccións de actas, escritos varios, fotocopias e arquivo de documentación cultural- elaboración de memoria- presupostos e informes de gastos e ingresos culturais- elaboráronse varios informes tamén para as diferentes reunións da Comisión de Cultura, entre eles un detallado, sobre a venda e regalos de libros.

Reséñanse nas páxinas seguintes as actividades desenvolvidas pola Comisión de Cultura clasificadas por temas.

CONVENIOS

Neste exercicio que se contempla a Comisión de Cultura desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes convenios:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ARQUITECTURA DE A CORUÑA (E.T.S.A.C) E O COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA (C.O.A.G.)

Dentro do convenio de colaboración asinado entre a Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, proseguíronse as actividades culturais conxuntas, o Colexio colaborou nos gastos de viaxe, estancia, escritos varios por Fax e correo necesarios para a tramitación de tódolos asuntos que se xestionaron conxuntamente.

Tamén segue a colaboración nas Becas anuais para a realización de Teses Doutorais, as Becas para o programa ERASMUS, e os Premios COAG. Fin de Carreira.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA DE MADRID

Dentro da colaboración co Colexio mantén coa Fundación Alejandro de la Sota de Madrid, mantense o convenio de colaboración permanente entre as dúas entidades. O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia colabora no desenvolvemento do Proxecto Cultural "FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA" aportando unha cantidade anual que se destina con carácter prioritario a aquelas actividades incluídas ou a incluír no programa, e nas que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia teña unha presenza máis xustificada. Tendo así acceso aos fondos dixitalizados da Fundación que están sendo utilizados na Biblioteca Colexial.

PREMIOS

XII PREMIO COAG DE ARQUITECTURA

O día 27 de outubro de 2006, ás 10,00 horas, reúnese na Sede do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, o Xurado do XII Premio COAG de Arquitectura, composto por:

Presidente:

Ilmo. Sr. Decano do COAG, D. Celestino García Braña, que na súa ausencia delega a súa representación no Secretario do Colexio, D. Alfredo González Cascallana.

Vocais: (dous arquitectos de recoñecido prestixio)

D. Antonio Vélez Catráin

Dna. Victoria Acebo García

Un representante da E.T.S.A. de A Coruña

D. José Manuel Casabella López

Un membro da Comisión de Cultura do COAG

D. Felipe Peña Pereda

Secretario

Secretario da Comisión de Cultura, con voz e sen voto, D. José Luis Varela Alén.

Concedéronse os seguintes premios:

A) PREMIO CATEGORÍA NOVA PLANTA

Obra: CAMPO DE FÚTBOL EN COIROS, A CORUÑA.

Autores: PATRICIA SABÍN DÍAZ, ENRIQUE M. BLANCO LORENZO

ACCÉSITS

Obra: VIVENDA EN GANDARÍO- A CORUÑA.

Autor: CARLOS QUINTÁNS EIRAS

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR- CASA P12 FINCA GRANDAS. ARNELA VILLAJUANE- FOZ-LUGO.

Autores: MARCOS PARGA PRADO, IDOIA OTEGUI VICENS

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR URB. ICARIA II- RÚA GALATEA 19- LIÁNS, TÉRMINO MUNICIPAL DE OLEIROS- A CORUÑA.

Autor: ALFONSO FERNÁNDEZ BERNÁRDEZ

B) PREMIO DE REHABILITACIÓN

Obra: REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR- CIDADE XARDÍN- C/ VALLE INCLÁN, 9- A CORUÑA.

Autores: JOSÉ MANUEL LÓPEZ MIHURA, SONIA ROMERO TEJO

JOSÉ LUIS REY BARREIRO

ACCÉSIT

Obra: REHABILITACIÓN DO PAZO DE LESTROVE PARA O SEU NOVO USO COMO ESTABLECEMENTO HOSTELEIRO.

LESTROVE S/N DODRO- A CORUÑA.

Autor: ANTONIO AMADO LORENZO

C) PREMIO DE DECORACIÓN E INTERIORISMO

Obra: REFORMA DE LOCAL COMERCIAL PARA MIXING, PICAVIA, 2- A CORUÑA.

Autor: CARLOS QUINTÁNS EIRAS

ACCÉSIT

Obra: PUNTOS DE INFORMACIÓN DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO EN LUGO, OURENSE, VIGO E SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autor: JOSE ANTONIO VÁZQUEZ MARTÍN

D) PREMIO ESPACIOS ABERTOS PÚBLICOS (PRAZAS, PASEOS, PARQUES, ETC.)- EX -AEQUO

Obra: CENTRO DE INTERPRETACIÓN DA RIBEIRA SACRA- SOBER- LUGO.

Autor: ANTONIO TABOADA LÓPEZ

Obra: REHABILITACIÓN DE MUIÑO FLUMIAL EN SOBER- LUGO.

Autor: ANTONIO TABOADA LÓPEZ

ACCÉSIT

Obra: POSTA EN VALOR DA PONTE MEDIEVAL PONTELEDESMA, BOQUEIXÓN- A CORUÑA.

Autores: ELÍSA BETH ABALO DÍAZ, GONZALO ALONSO NÚÑEZ

E) ARQUITECTURAS EFÉMERAS

Obra: MONTAXE DA EXPOSICIÓN "ARQUITECTURAS NO CAMIÑO. 1994-2004" SALA DE EXPOSICIÓN COAG- CASA DA CONGA- SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autor: ANTONIO AMADO LORENZO

ACCÉSITS

Obra: MONTAXE DA EXPOSICIÓN: GALICIA EN CARTEL, A IMAXE DE GALICIA NA CARTELARÍA TURÍSTICA, COLEXIO DE FONSECA- PRAZA DE FONSECA S/N SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autores RUTH VARELA RODRÍGUEZ, PABLO FERREIRO LORENZO

Obra: SALÓN ESPACIO INDUSTRIAL "SEIN" STAND DE EXPOSICIÓN PALACIO MUNICIPAL DE CONGRESOS CAMPO DAS NACIONS- MADRID.

Autores: IVÁN LÓPEZ VEIGA, JUAN IGLESIAS BABÍO,

VICTOR HERMO SÁNCHEZ

O Xurado ACORDOU conceder as seguintes MENCIONS:

ARQUITECTURA DE BAIXO CUSTO

Obra: VIVEIRO DE EMPRESA EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Autores: ELÍSA BETH ABALO DÍAZ, GONZALO ALONSO NÚÑEZ

Obra: LABORATORIO DE INVESTIGACIÓN FORESTAL-LOURIZÁN- PONTEVEDRA.

Autores: LUCILA NIETO ZÁS, JOSÉ M. BERMÚDEZ GRAIÑO

OBRA PRIMEIRA, OBRA DE ARQUITECTOS NO COMEZO DA SÚA CARREIRA PROFESIONAL

Obra: VIVENDA UNIFAMILIAR E ESTUDIO DE ARQUITECTURA ENTRE MEDIANAS, C/ AMENEIRO, 20- LUGO.

Autores: CARMEN VIÑO VILA, MIGUEL ANGEL LÓPEZ FERNÁNDEZ

JUAN JOSE VIÑO VILA

O día 20 de abril de 2007, tivo lugar a entrega dos premios ás 20:00 horas no Centro Galego de Arte Contemporánea de Galicia. O acto estaba presidido polo Ilmo. Sr. Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia acompañado por D.Francisco Díaz-Fierros Viquiera, Vice-Presidente do Consello da Cultura Galega, Sra. Dna. María de las Mercedes Goicoa Fernández, Presidenta da Real Academia Galega de Belas Artes, D. Manuel Segade Lodeiro en representación do Director do CGAC e o Secretario da Xunta de Goberno do COAG, D. Alfredo González Cascallana. Ademais dos premiados, acudiron numerosos invitados, máis de 190, entre os que destacan, o Ilmo. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de la Xunta de Galicia, o Ilmo. Sr. Alcalde de Santiago de Compostela, a Concelleira de Rehabilitación e Casco Histórico de Santiago de Compostela, o Director da E.T.S.A.

Conxuntamente coa entrega dos premios inaugurouse unha exposición na Sede do Colexio da que se da conta no apartado correspondente.

Editóuse o catálogo correspondente, que recolle todas as obras galardoadas de xeito exhaustivo.

Para levar a cabo esta actividade realizáronse os seguintes traballos: Envío de Fax a todas las Delegacións do COAG, para coordinar a recepción das obras. Recepción de traballos, comprobación dos mesmos, elaboración de catálogos, organización da reunión do Xurado e preparación de documentación, reserva de hoteis, viaxes, colaboración coa axencia de prensa do Colexio. Atención a tódalas consultas presentadas polos colexiados en relación ó contido das bases. Fotocopiado de Fichas de Identificación das obras. Actas, escritos e listados varios para a organización da entrega dos premio, recepción de invitados.

PROXECCIÓN CULTURAL

A Comisión de Cultura na súa actividade de proxección cultural desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes temas:

DOCOMOMO IBÉRICO

O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional DOCOMOMO IBÉRICO. No exercicio que se contempla D. Celestino García Braña, Decano-Presidente do noso Colexio, foi nomeado Presidente do Organismo Internacional DOCOMOMO IBÉRICO, así mesmo D. Fernando Agrasar Quiroga, arquitecto, é o novo Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo. Durante o decurso deste exercicio celebráronse varias reunións, tamén tivo lugar o CONGRESO DOCOMOMO IBÉRICO “¿RENOVARSE O MORIR?” en Cádiz do 19 ata o 22 de abril de 2007.

PROXECTOS DE ACTIVIDADES CULTURALS

Como cada ano na circular Colexial nº 136 editáronse as normas para a presentación de proxectos de actividades culturais da Comisión de Cultura.

Recibíronse neste Comisión un total de 6 proxectos de publicacións, exposicións, becas de investigación etc. que foron posteriormente analizados e estudados polos Membros da Comisión para facer unha selección de propostas que se desenvolverán ó longo do exercicio 2008.

Lista de propostas presentadas

PABLO TOMÉ FERREIRO	EXPOSICIÓN DE ARQUITECTURA: 10 AÑOS DE REHABILITACIÓN DE LOCALES COMERCIALES EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.
ANA COCHO BERMEJO	PUBLICACIÓN: EMERGENCY DEPLOYABLE
LUCIANO RODRÍGUEZ EMILIO LIÑARES NEGRO	RECITAL POÉTICO EXPOSICIÓN: POESÍA PREPARADA
ALBERTE GONZÁLEZ RODRÍGUEZ	TRADUCCIÓN Y PUBLICACIÓN: THE ELEMENT OF DRAWING DE JOHN RUSKIN
CRUZ LÓPEZ VISO	EXPOSICIÓN: NATURALEZAS DEL LÍMITE EN LA ARQUITECTUR DE LUIS BARRAGÁN.
SANTIAGO LOSADA FERNÁNDEZ	EXPOSICIÓN BIBLIOGRÁFICA DE LIBROS DE ARQUITECTURA

Para levar a cabo esta actividade realizouse o seguinte proceso: Recepción de tódolos traballos presentados. Fotocopias e listados varios detallados das propostas recibidas no Colexio. Supervisión de tódolos traballos recibidos para o cumprimento das condicións de admisión especificadas nas Normas. Envío de escritos para notificación dos acordos da Comisión de Cultura. Devolución dos non admitidos e outras xestións por Fax, correo, E- mail.

DIA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

A celebración do día Mundial da Arquitectura tivo lugar o día 1 de Outubro. Foi unha iniciativa que, como cada ano realiza o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que se manifestou nas 7 Delegacións (A Coruña, Vigo, Ourense, Lugo, Pontevedra, Santiago, Ferrol) cunha reflexión sobre un arquitecto/unha obra/un lugar estreitamente vinculado/a a cada unha delas. A "Unión Internacional de Arquitectos" en todo o mundo e o "Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España" promoven e divulgan este día, nos seus ámbitos correspondentes. O tema para esta edición foi "TRANSMITIR ARQUITECTURA DE "EMISIÓN CERO". O COAG difundiu por circular o manifesto que acompañaba ao tema.

Nas Delegacións sinalouse un tema que foi divulgado en prensa, realizando en moitas delas actividades como visitas, lectura de manifestos relacionados cos temas propostos.

RELACIÓN DE ARQUITECTOS/OBRAS/LUGARES POR DELEGACIÓNS

A CORUÑA	POBO DE REDES (A CORUÑA)	Varios Arquitectos
LUGO	EDIFICIO DE OFICINAS DA CENTRAL DE BELESAR (LUGO)	JUAN CASTAÑÓN DE LA MENA (1963)
OURENSE	COLEXIO DE N.S. DOS MILAGROS (BAÑOS DE MOLGAS –OURENSE)	LUIS LAORGA GUITIERREZ (1966)
PONTEVEDRA	CENTRO DE DEPORTIVO DO PONTILLON DO CASTRO DE VERDUCIDO (PONTEVEDRA)	JOSÉ RAMÓN GARITAONAINDÍA DE VERA (2007)
VIGO	CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO	VARIOS (1977)
SANTIAGO	CASA DOS CÓENGOS OU DA CONGA (SANTIAGO)	DOMINGO ANTONIO DE ANDRADE (1709-1713) Rehabilitación: JOSÉ MANUEL SANZ, EDUARDO CASTELLANOS E LUIS CEPEDA (1981)
FERROL	ALBERGUE ALVARELLA (VILLARMAIOR-FERROL)	DANIEL BEIRAS GARCIA-SABELL (1999)

PROXECTO TERRA

8. Creación de Foros de arquitectos urbanistas y arquitectos municipales.
9. Convenio de Digitalización de Planeamiento, recuperar iniciativa en este tema, actualmente dirigido por la C.A.T., manteniendo la propuesta de colaboración con esta Comisión.
10. Establecer una línea de publicaciones urbanísticas con una orientación específica y continuada a definir, por ejemplo Edición Facsímiles de textos clásicos del urbanismo, y atención a las propuestas urbanísticas producidas en el ámbito de la Comunidad de Galicia tanto históricas como actuales.

Las propuestas anteriormente citadas, evidentemente tendrán que ser matizadas y coordinadas teniendo por tanto el carácter exclusivo de propuestas iniciales.

ACTIVIDADES POSTERIORES.

Asistencia a las Jornadas de la Agrupación de Arquitectos Urbanistas en Tenerife los días 8 y 9 de Noviembre.

El informe específico sobre estas Jornadas y los temas tratados, se realizarán en la próxima convocatoria de la Comisión prevista para enero de 2.008.

Como presidente de la Comisión, se ha establecido contacto con la C.A.T. a través de los arquitectos Alberto Redondeo y Santiago García (Responsables de Cursos de Formación), con el objetivo de coordinar esfuerzos e iniciativas, aprovechando la estructura organizativa de esta Comisión, a la vez que se reconoce, por ambas partes, la existencia de puntos de contacto entre las actividades de ambas Comisiones.

Como primer objetivo y con una cierta idea de "imagen de cambio" unido a la reflexión, se propone por nuestra parte, la creación de un curso dirigido a temáticas de implantación del proceso de urbanización sobre el territorio, unido a reflexión de su impacto sobre el mismo. En resumen, recoger y empezar a desarrollar las propuestas de urbanización blanda, frente a urbanización dura o tradicional. A parte de los aspectos técnicos tratados inicialmente, relativos al tratamiento de suelos, tratamientos de cauces, se propone como referencia inicial y con el valor simbólico implícito, la propuesta de un curso con el Título de "Pisar el Suelo, Pisar el Agua". La expectativa temporal y de contenido de dicho curso a definir y realizar se estima para finales del primer cuatrimestre del próximo año, siendo valorada positivamente por ambas partes. Llegándose al acuerdo de ponerla en marcha a partir de enero de 2.008.

D. César Coll Nuez
Vocal Xunta de Gobierno
Presidente Comisión de Planeamiento

AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

El presente ejercicio ha sido realizado por la directiva elegida en el año 2004, pero con la modificación del puesto de Secretario, que en la directiva del 9 de mayo de 2006 el Secretario D. Gonzalo Fernández López, fue sustituido por D. Oscar Pérez Pérez quedando por tanto la directiva compuesta por los siguientes miembros:

Presidente: D. César Jiménez López Representante Delegación de Vigo
Secretario: D. Oscar Pérez Pérez. Representante Delegación de Pontevedra

Miembros:

D. Emilio Liñares Negro	Representante Delegación de A Coruña
D. Gonzalo Fernández López	Representante Delegación de Lugo
D. Jose A. Rodríguez Basalo	Representante Delegación de Ourense
D. Jose M. Bernardez Matovelle	Representante Delegación de Santiago
D. Juan A. Pérez López de Gamara	Representante Delegación de Ferrol
D. Mariano de Labra Morán	Representante de la Junta de Gobierno
D. Federico López Taezal	Presidente de la Junta anterior

Asiste igualmente como invitado a las reuniones (*con voz pero sin voto*), el actual presidente UAPFE D. Carlos Alvira Duplá, dado que es miembro de la Agrupación de Peritos de Galicia.

La distribución de responsabilidad en la Junta Directiva durante el ejercicio ha sido:

Página Web de la Agrupación	D. Oscar Pérez Paz
Relaciones institucionales Gobierno	Presidente y representante de la Junta de Gobierno
Estudio y preparación borrador del nuevo reglamento	D. Jose Manuel Bernárdez Matovelle
Coordinador	Presidente

Dado que la actividad de la directiva, en todo momento ha sido y es colegiada, no se ha creído necesaria la designación de más cargos específicos.

En el presente ejercicio, la distribución territorial de los miembros de la agrupación, ha sido la siguiente:

Miembros colaboradores (*total Galicia*): 46

Miembros expertos (*total Galicia*) 141

A Coruña	54
Lugo	19
Ourense	5
Pontevedra	19
Santiago.....	13
Vigo	26
Ferrol	5

La actividad desarrollada por la Agrupación, ha sido de información y formación para los miembros de la misma y para todos los colegiados en general, aunque centrada fundamentalmente en el análisis de la situación del mundo de la pericia, con las consecuencias que ello conlleva en la práctica diaria de la actividad del arquitecto, sea cual sea la actividad específica de este.

Entre los trabajos e iniciativas relevantes, realizados durante el ejercicio, figuran:

De orden interno:

- Colaboración en la materialización del convenio entre la CPTOPT-COAG (*encuadrado en el convenio marco firmado el 22/05/06*), para la elaboración de informes sobre la afección y patologías que la obra pública promovida por la DXOP pueda provocar entre otros en bienes públicos o privados.
- Seguimiento de los procesos judiciales, en los que se tiene conocimiento de que las sentencias cuestionan la actuación del arquitecto perito, con el fin de conocerlas y analizarlas, para trasladar a los miembros de la Agrupación observaciones tendentes a evitar la repetición de estas situaciones.
- Seguimiento de la situación creada por la entrada en vigor del CTE, así como por la numerosa legislación aprobada en el año 2007, con el fin de analizar y debatir su puesta en práctica profesional y las consecuencias que puedan derivarse de los errores en su aplicación.
- Seguimiento de las situaciones originadas por el cuestionamiento de los honorarios presentados por los arquitectos cuando actúan como peritos judiciales (*provisión de fondos*).
- Aprobación de las listas de Arquitectos Peritos y Forenses de los años 2007.
- Preparación y estudio del borrador del nuevo reglamento de la agrupación, en el que se sigue trabajando.
- Participación de la Agrupación en las VI Jornadas del CGPS-CSCAE desarrolladas en Granada del 26 al 28 de Abril con el título de *"El desarrollo de la ley*

de Ordenación de la Edificación y El Código técnico de la Edificación” en las que la Agrupación de Galicia desarrollo la ponencia “Aspectos Generales del Código de la Edificación: Sistemática y Aplicación”, ponencia realizada por D. Manuel Almenar Belenguer, Magistrado Presidente de la Audiencia Provincial de Pontevedra, con D. César Jiménez López y D. Oscar Pérez Paz , presidente y secretario de la Junta directiva de la Agrupación.

A las jornadas que fueron muy concurridas asistieron jueces y magistrados de toda Galicia y numerosos compañeros, siendo su resultado interesante y clarificador para los arquitectos.

- La Agrupación de Galicia asistió en representación del COAG al homenaje a Agustín Borrell fundador de UAPFE y ex decano del COAC, que se le dio tras su fallecimiento en Barcelona.

- La agrupación, a través de la UAPFE ha participado, en los contactos con el coordinador de la Sala de Medio Ambiente y Urbanismo del Tribunal Supremo, D. Antonio Verchar Noguera, dada su intención de crear un cuerpo de peritos especializados en dolitos medioambientales.

- Organización de charlas sobre los temas tratados en las VI Jornadas de Granada sobre la LOE y el CTE, iniciándose en la Delegación de Pontevedra, con la participación de las ponentes en las jornadas CGPJ-CSCAE de Granada. El Excmo. Sr. D. Jose Antonio Seijas Quintana, Magistrado de la Sala 1ª del Tribunal Supremo y el Ilmo. Sr. Manuel Almenar Belenguer, Presidente de la Audiencia de Pontevedra, con considerable éxito, siendo la intención de la agrupación realizarlas en todas las demarcaciones, en función de las fechas disponibles de los ponentes.

- Se notificó en circular colegial las plazas de inscripción, para las listas de los miembros de la Agrupación, para el año 2008, así como por encargo de la Junta de Gobierno, igualmente se notificó los plazos de inscripción para las listas de peritos judiciales y de peritos Tasadores, procediéndose posteriormente a la elaboración de las mismas para su utilización en el año 2008.

- Se trasladó a la Junta de Gobierno la conveniencia de que las Delegaciones de Lugo y Ourense incorporen en sus respectivos presupuestos una partida para la Agrupación.

- Se ha solicitado a la Junta de Gobierno, que se publique en la Web del COAG las Normas UNE con referencia en el CTE, dado que deberían ser de acceso público por el carácter obligatorio de su aplicación.

- Se ha tratado la problemática de la intervención de arquitectos peritos en asuntos de Justicia Gratuita, aprobando el envío a los peritos de la agrupación como referencia la “propuesta de actuación en las casos de Justicia Gratuita” redactada por el miembro de la directiva Sr. Bernardes y su traslado a la Junta de Gobierno por si resulta de su interés al resto de los colegiados.

- Se ha gestionado el acceso a la web de la ley, de los miembros de las agrupaciones de peritos, a través de la UAPFE.

Indicar que la Junta Directiva de la Agrupación se ha reunido 12/02/07, 28/05/07, 24/07/07 y 3/12/07 tratando en todos ellos los asuntos descritos y todos aquellos otros que fueron surgiendo relacionadas con la actividad pericial.

Igualmente apuntar que el presidente de la agrupación, la representado a Galicia en la Junta directiva de UAPFE, trasladando a la misma todos aquellos asuntos e iniciativas de interés que han surgido en nuestra demarcación. También ha participado junto con el secretario Sr. Oscar Pérez Paz y Ilmo. Sr. D. Manuel Almenar Belenguer, como ponentes en la VI Jornadas del CGPJ y CSCAE en Granada.

Por último apuntar que la Agrupación ha seguido manteniendo, además de las iniciativas descritas y otras varias realizadas por los miembros de su junta directiva, como son conversaciones con representantes del sector de la construcción (*representantes de los constructores, promotores, aparejadores, etc....*) que son continuación de las ya realizadas en los ejercicios anteriores, con el fin de ir aunando esfuerzos y voluntades, para conseguir articular iniciativas en el terreno de la pericia de las patologías constructivas, sus causas y reparaciones, así como en todas aquellos frentes de la pericia que el día a día nos depara, con la convicción de que esta actitud servirá de siembra, la cual producirá resultados en un día no muy lejano.

Fdo. César Jiménez López
Presidente de la Agrupación de Arquitectos Peritos y Forenses de Galicia

mX`07

XUNTAS XERAIS 2007

MEMORIAS DELEGACIONES

A CORUÑA

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación, dende as eleccións celebradas no ano 2003, ata as celebradas en maio de 2007, estivo formada por

PRESIDENTE: Alberto Unsain González de Suso

SECRETARIA: Sonia Romero Teijo

TESOUREIRO: Fernando Agrasar Quiroga.

Como resultado das eleccións celebradas o día 11 de maio de 2007, a Xunta Directiva da Delegación queda constituída por:

PRESIDENTE: Manuel de la Iglesia Pérez

SECRETARIO: Pedro Taboada de Zúñiga Campos

TESOUREIRO: Jorge Salgado Cortizas.

A nova Xunta Directiva toma posesión na Xunta Xeral celebrada en Santiago o día 25 de maio.

Se celebran un total de 42 reunións da Xunta Directiva tramitándose 229 asuntos.

2.- DELEGACIÓN

A Delegación da Coruña ten adscritos a data 31 de decembro un total de 1054 colexiados.

Tramitáronse 13.083 documentos, dos que corresponden a expedientes abertos en 2007 un total de 2.860. Os ingresos xerados para o COAG por expedientes tramitados na Delegación ascende a 1.352.716, 26 €.

Se celebraron dúas Xuntas de Delegación, os días 16 de maio e 5 de decembro respectivamente.

O cadro de persoal, a 31 de decembro está formado por 12 persoas, das cales 4 teñen contrato temporal. O servizo de visado está dotado con 5 arquitectos, si ben Lucila Nieto Zas compatibiliza funcións de visado co asesoramento ao CTE. O arquitecto de visado Antonio Freire Romero está en situación de excedencia forzosa pola súa incorporación como vocal de Xunta de Goberno, estando substituído por Rafael Pier Romero. Existe un contrato de relevo de Rocío Lamas Pérez Cepeda pola xubilación parcial de Enrique Losada. Todos os arquitectos de visado compatibilizan o visado analóxico- en papel- co visado dixital.

No mes de novembro cesa por finalización de contrato Delia Valcarcel Pérez.

A entrada en vigor da segunda parte do CTE o día 29 de marzo, implicou unha acumulación de traballo no mes de marzo, dado o compromiso de proceder ao visado en data de tódolos expedientes presentados antes da entrada en vigor da citada norma.

Se enviaron ao longo do ano 24 circulares de Información Xeral, 24 circulares de Información Urbanística e 6 fichas de Estructuras.

Ademais dos servizos relacionados coa actividade de visado colexial, os vencellados coa atención e asesoramento directo aos colexiados, relacións co Administración Central, Autonómica e Local, e público en xeral, a Delegación presta os seguintes servizos.

SERVICIOS INTERNOS

Asesoramento en materia de Instalacións

Presta este servizo María Jesús Dios Viéitez, tendendo consultas presenciais os mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas. Resolve tamén consultas formuladas a través do correo electrónico.

Asesoría Xurídica.

Presta este servizo o avogado Andrés Salgueiro Armada, que realiza labores de asesoramento e asistencia xurídica incluíndo accións legais tanto a Xunta Directiva como a colexiados. Atende aos colexiados na sede da Delegación os mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas, así como no seu despacho no momento que se precise, e tamén por teléfono e correo electrónico.

Asesoramento de Estructuras.

Funciona este servicio dende o ano 2005, baixo a dirección de Jorge Aragón Fitera, profesor de estruturas da ETSA da Coruña. Resolve consultas presenciais os mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas.

Punto de Información COAG

Mediante un ordenador instalado no vestíbulo da Delegación se ofrece aos colexiados conexión a Internet. Se pode descargar documentos, circulares, consulta de expedientes, normativa, impresos...

Apertura da Delegación os mércores pola tarde

A Delegación abre tódolos mércores en horario de 16.30 horas a 20.30 horas. Os colexiados no citado horario poden ademais de realizar xestións referidas aos seus expedientes, contar con asesoramento xurídico, de instalacións e de estruturas.

COLABORACIÓN DA DELEGACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

Hermandad nacional de Arquitectos

Mediante Convenio de colaboración, HNA dispón dunha oficina na Delegación para atención os colexiados.

Asemas

Tamén dispón Asemas dunha oficina na Delegación para tramitar asuntos relativos ao Seguro de Responsabilidade Civil

Arquitasa

Arquitasa ten unha oficina na Delegación para realizar taxacións e validacións, así como para asesorar aos colexiados en materia de valoracións.

3.- COMISIONS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

As Comisións de Traballo da Xunta directiva son:

Comisión de Cultura. Responsable ata a toma de posesión da nova Xunta Directiva Fernando Agrasar Quiroga. Actual responsable Pedro Taboada de Zúñiga Campos
Comisión de Asesoramento Tecnolóxico. Responsable Luísa Orro Bello.
Comisión de Planeamento. Responsable dende a toma de posesión da nova Xunta Directiva Jorge Salgado Cortizas.

Páxina Web. Responsable ata o día 31 de decembro de 2007 Julia Míguez Rey.

4.- CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES

Convenio co Concello da Coruña para a redacción do novo Catálogo de Edificios, Elementos e Espazos Urbanos sometidos a algún réxime de protección.

Se xestiona este Convenio entre o Colexio e o Concelleiro Delegado de Rehabilitación e Vivenda do Concello da Coruña. O Colexio se compromete a elaborar e entregar no Concello da Coruña o catálogo de edificios, elementos e espazos urbanos obrigándose a contratar arquitectos ou equipos de arquitectos para a realización dos traballos. O custe dos traballos será sufragado polo Concello da Coruña. Este convenio asinarase no presente mes de maio.

Convenio de colaboración co concello de Corcubión

Mediante este Convenio, o Concello encargará, cando o considere necesario, ao colexio de Arquitectos de Galicia a través da Delegación da Coruña, a elaboración de informes urbanísticos co obxecto de garantir a máxima independencia e transparencia na tramitación de expedientes sobre os que deban recaer resolucions do concello.

Convenio de colaboración co Concello de Ares.

Está en proceso de tramitación un convenio de colaboración co Concello de Ares para impulsar a conservación, mellora e protección do núcleo mariñeiro de Redes co fin de revitalizar este singular asentamento de poboación. Conta coa participación económica da consellería de vivenda e solo, e ten unha duración de dous anos.

Seguen vixentes os seguintes Convenios

Convenio de colaboración con Caixa Galicia e Fundación Caixa mediante a cal a Fundación se compromete a ceder as súas instalacións para a realización de charlas, conferencias e cursos así como a aportar unha cantidade máxima de 15.000 € anuais para a realización de actividades.

Convenio de colaboración co concello da Coruña para a elaboración de Informes para as Actas de Inspección Técnica de vivendas. ITE.

Convenio de colaboración co Instituto de Estudos Políticos e Sociais.

Convenio de colaboración coa Universidade de Coruña en materia de colaboración educativa.

Convenio de colaboración co Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da Coruña

Convenio de colaboración con Bankinter.

5.- RELACIÓN CON INSTITUCIÓN E ENTIDADES

Concello da Coruña

Ao longo do ano se celebran diversas reunións co Sr. Alcalde da Coruña, coa Tenente-alcalde e Concelleira delegada de Urbanismo Dona Mar Barcón, co Tenente Alcalde D. Enrique Tello así como co Tenente- lcalde e Delegado de Rehabilitación e Vivenda D. Mario López Rico.

Se participa como membro do xurado nos seguintes concursos de ideas convocados polo concello:

Concurso de Remodelación da Praza de Pontevedra

Concurso para a remodelación da Dársena da Mariña

Concurso de Centro- cultural Agora en San Pedro de Visma

Concurso de Remodelación do entorno das vivendas a Nosa Señora do Carme

Se procede a elaboración do convenio de colaboración para a redacción do novo catálogo de edificios elementos e espazos urbanos sometidos a algún réxime de protección, e se participa nas reunións do Foro Coruña de Edificación.

Concello de Corcubión

Se celebran varias reunións con representantes do concello co fin de elaborar un Convenio de colaboración co obxecto de que se elaboren a través do Colexio informes urbanísticos solicitados polo Concello. Tamén se contempla a posibilidade de colaborar na organización de concursos de rexeneración urbana do concello.

Concello de Ares

O Concello de Ares colabora coa Delegación facilitando medios e permitindo os actos celebrados en Redes con motivo do Día Mundial de Arquitectura o día 1 de outubro e o Encontro de Arquitectos da Delegación o día 20 de outubro. Actualmente se está a traballar na elaboración dun Convenio de Colaboración para a redacción dun Plan ARI en Redes.

Arquitectos Sen Fronteiras

Se colabora na elaboración e difusión entre os arquitectos da Delegación dun políptico sobre Guía Práctica de Accesibilidade.

Fundación Juana de Vega

A Delegación colabora con esta Fundación na difusión e entrega da documentación relativa ao terceiro premio Juana de Vega de Arquitectura, así como na organización da Exposición premios Fundación Juana de Vega e nas xornadas “ A vivenda e a paisaxe”

Instituto de Estudios Políticos e Sociais.

Se colabora con este Instituto na celebración das Xornadas : Vivenda e Política Social na lexislación urbanística. Os patrimonios municipais de solo, celebradas os días 3 e 4 de decembro.

6.- CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DE ARQUITECTURA

Se celebra o Día Mundial de Arquitectura o día 1 de outubro, baixo o lema propiciado pola UIA “Arquitectura: emisión cero”. A Xunta Directiva acorda adicarlle o Día a vila mariñeira de Redes como exemplo de arquitectura sostible en consideración ao esforzo mantido polos veciños para preservar os seus valores urbanos e paisaxísticos. Se realiza un acto as doce da mañá na Praza de Redes, e un percorrido polo pobo. Xunto con representantes do Colexio, asisten representantes do Concello de Ares así como veciños de Redes.



7.- ENCONTRO ANUAL DE COLEXIADOS DA DELEGACIÓN.

Este acto ten lugar o día 20 de outubro, como culminación a celebración do Día Mundial de Arquitectura. Consistiu nun percorrido en barco pola Ría dende Lorbé a Redes, na lectura dun pregón por parte do artista Paco Pestana, autor dunha instalación na praia de Area Morta en homenaxe a tradicional colocación para a súa seca das redes en gabias na praia, nun percorrido polo pobo para rematar nun xantar na Villa Amalia, exemplo de arquitectura indiana obra do arquitecto Juan Villamil.



8.- VARIACIÓNS NO INMOBILIZADO MATERIAL DA DELEGACIÓN

Se rematan as obras de reforzo da estrutura do edificio de Pla Cancela número 13.

Se procede a entrega e firma das correspondentes escrituras do local de Federico Tapia 62, así como ao encargo do proxecto de adecuación ao estudio E(A) S C, e a solicitude da Licencia de Edificación.

Agás do anteriormente citado, non existen outras variacións significativas no inmovilizado material da Delegación.

9.- ORZAMENTO E PECHE DE CONTAS

Na Xunta de Delegación celebrada o día 16 de maio de 2007 se procede a aprobación do Peché de contas do exercicio 2006.

O orzamento para o exercicio de 2008 se aproba na Xunta de Delegación celebrada o día 5 de decembro de 2007.

10.- ASESORIA XURIDICA

11.- ASESORAMENTO EN MATERIA DE ESTRUCTURAS

Co fin de potenciar a oferta de servizos aos colexiados, dende maio de 2005 a Delegación da Coruña está ofertando este Servizo de Asesoría de Estructuras de Edificación a cargo de Jorge Aragón Fitera, profesor da ETSA da Coruña.

As funcións realizadas por este servizo, podemos encadralas en:

- A) Servizo de consultas: en termos xerais son do seguinte tipo

Patoloxía. Análise de lesións e solucións de reforzo

Cálculo e/o solución de pezas especiais: ménsulas, apeos, escaleiras, etc

Deseños constructivos e estruturais: concursos de arquitectura

Execución: solución a problemas durante a execución e detalles especiais

Solución de cimentacións e/o consulta sobre informes xeotécnicos

Solicitud de información relativa a normativa vixente

Dúbdas no uso e interpretación de resultados de solucións informáticas

Dúbdas dende as oficinas de control técnico e resposta aos seus informes.

Data	TIPO DE CONSULTAS (%)					
Ano 2007	Patoloxía	Cálculo	Deseño	Execución	Cimentación	Outras (*)
Porcentaxe	16,22 %	28,21 %	15,84 %	21,56 %	12,31 %	5,86 %

(*) Aplicacións informáticas, Bibliografía, Normativa, Técnicos Especialistas, etc.

B) Modos de Asesoramento

Asesoramento presencial: aténdese persoalmente aos colexiados os mércores pola tarde na Delegación

Vía telefónica: cando as consultas de estrutura son urxentes

Correo electrónico: Esta é a forma mais empregada polos colexiados. As respostas realízanse nun prazo inferior a 24 horas.

FECHA	NUMERO DE CONSULTAS (%)			
Año 2007	e-mail	Telefónica	Presencial	TOTAL
Porcentaxe	42,15 %	16,67 %	41,18 %	100%

NOTA: a media de consultas realizadas aproxímase ás 3.5 semanais si ben cabe citar un descenso no derradeiro trimestre do ano

C) Ambito das consultas.

Evidentemente a presenza física da asesoría na Delegación conleva unha elevada porcentaxe das consultas realizadas

FECHA	CONSULTAS POR DELEGACIONES (%)						
Año 2005	Coruña	Ferrol	Lugo	Orense	Pontevedra	Santiago	Vigo
Porcentaje	59,50 %	16,50 %	1,50 %	7,50 %	1,50 %	1,00 %	13,50%

12.- ASESORIA DE INSTALACIÓNS.

13.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA.

COMISIÓN DE CULTURA

Responsables:

Fernando Agrasar ata o mes de xuño de 2007

Pedro Taboada de Zúñiga Campos a partir de xuño 2007


Colaboradores: Pilar Montaña

Actividades realizadas pola Comisión

Exposicións.

12 xaneiro 2007. Natureza Corporal. Exposición de acuarelas e imaxes dixitais de Cruz López Viso. Ata o 30 de xaneiro

2 de febreiro 2007. Ciudad urza. Exposición de collages sobre fragmentos urbanos de Urza. Ata 28 de febreiro



15 marzo 2007 Bilbao: Porto, Ría e Cidade. Exposición producida polo COAVN sobre o proxecto de cidade e área metropolitana abordado por Bilbao. Ata 5 de abril.



12 abril 2007 Negro sobre Negro. Exposición de pintura de Javier Pena. Ata 30 de Abril

9 de maio 2007 Cambio de ocupación do solo en España. Artificialización do litoral. Ata 1 de xuño Coa colaboración do Ministerio de Fomento.



29 de xuño 2007 O Legado de Vázquez Molezún. Exposición producida pola fundación COAM. Ata 31 de xullo



11 setembro 2007 Kindel. Fotografía de arquitectura. Exposición producida pola Fundación COAM. Ata 5 de outubro.



30 outubro 2007. Cuba`06. Unha realidade para unha reflexión. Exposición producida por profesores da ETSA con fotografías dunha viaxe realizada a illa. Ata 30 de novembro.




10 01 2008. A Coruña..sen título. Fotografías de José Caruncho. Exposición producida pola Comisión de Cultura da Delegación en decembro de 2007



Conferencias e debates

15 marzo 2007. Conferencia de José Salazar “Ciudad, Puerto y transformaciones urbanas” sobre o proxecto de transformación de Bilbao e a súa área metropolitana.

26+27 de abril de 2007. Ciclo de conferencias organizadas pola Comisión de Cultura no auditorio do Museo de Belas Artes coincidindo coa exposición “ Alison & Peter Smithson. Da casa do futuro a casa de hoxe”. Estas conferencias estiveron dictadas por: Max Risselada, Dirk van den Heuvel, Fernando Agrasar, Josep María Montaner e Beatriz Colomina.




9 de maio 2007. Conferencia de Fernando Prieto. Artificialización do litoral. Se celebra esta conferencia coincidindo coa inauguración da Exposición “Cambio de ocupación do solo en España”.

29 de xuño 2007 Conferencia de Justo F. Isasi. Comisario da Exposición O legado de Vázquez Molezún.

11 de setembro 2007. Conferencia de Rafael Zarza. Comisario exposición de Kindel.

Publicacións

Se publica a monografía "Antonio Tenreiro 1893- 1969 " en preparación dende o ano 2006.



Se presenta esta publicación na Feira do Libro da Coruña o día 7 de agosto de 2007.

Manifestación en defensa de arquitecturas ameazadas.

A comisión de Cultura desenvolve unha labor na defensa nos medios de diversas arquitecturas ameazadas na súa integridade.

Presencia do Colexio na Feira do Libro da Coruña.

A Comisión de Cultura da Delegación en colaboración coa Comisión de Cultura da sede, estivo presente na Feira do Libro da Coruña, celebrada do 1 ao 10 de agosto de 2007. No stand colexial se ofertaron as publicacións editadas polo COAG.



COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓXICO

Responsable. Luisa Orro Bello

Colaboradores. Francisco Calvo Blanco

José Darío Pérez Bermúdez

Durante o ano 2007 no marco do programa de Formación Permanente os esforzos se dirixen fundamentalmente ao CTE, que entra en vigor na súa totalidade o día 28 de marzo.

Formación Permanente

Curso programa Lider. 16 e 17 de xaneiro. Se celebra na ETSA da Coruña. Asistentes 24

Curso básico 2- DB-SE e DB-HS. 14, 15 e 16 de febreiro. Salón de Actos Caixa Galicia. Asistentes 162

Curso Programa Lider 2. 23 e 24 de febreiro. ETSA da Coruña. Asistentes 27

Curso Programa Lider.3. 20 e 21 de marzo. ETSA da Coruña. Asistentes 27

Curso especialización DB-SEC. 20 e 21 de abril. ETSA da Coruña. Asistentes 99

Curso Programa Lider. 4 . 4 e 5 de maio. ETSA. Asistentes 25
 Curso especialización DB-HS. 10 e 11 e 12 de maio. ETSA da Coruña. Asistentes 27
 Curso introducción CEE. 20 setembro. Salón Actos Fundación Caixa Galicia. Asistentes 180
 Curso Programa Calener. 25 e 26 de outubro. ETSA da Coruña. Asistentes 29
 Curso Programa Calener. 2. Días 22 e 23 novembro. ETSA da Coruña. Asistentes 27.
 Curso RITE. 27 novembro. Salón actos Fundación Caixa. Asistentes 180.

Charlas Técnicas

Charla CYPE. Programa Instalacións. 1 de marzo. Sala COAG. Asistentes 20
 Curso Archicad. 23 e 24 abril. Sala COAG. Asistentes 16
 Charla Terratest- Cimentacións. 24 de maio. Sala COAG. Asistentes 48
 Charla CYPE. Programa Instalacións. 11 de xuño. Sala COAG. Asistentes 23
 Charla Aislamento Carpintería Aluminio.CTE. 12 de xuño. Sala COAG. Asistentes 130
 Charla Impacto medioambiental. 19 xuño. Sala COAG. Asistentes 90
 Presentación Programa Gesproyet. 21 de xuño. Sala COAG. 21 de xuño.
 Charla Soler e Palau. 27 de xuño. Sala COAG. Asistentes 80
 Presentación novidades programa Gesproyet. 10 de outubro. Sala COAG. Asistentes 20
 Charla Isover. Aislamento Acústico. 22 de outubro. Sala COAG. Asistentes 29
 Charla Sider. Ventilación Híbrida. 9 de novembro. Sala COAG. Asistentes 26
 Charla Cortizo. 12 de novembro. Sala COAG. Asistentes 43
 Charla Trspa. 29 de novembro. Sala COAG. Asistentes 34

COMISIÓN DE PLANEAMENTO

Responsable Jorge Salgado Cortizas dende 1 de xuño 2007.

PÁXINA WEB

Responsable: Julia Míguez Rey

Labor editorial

Durante este período a labor editorial consistiu en recompilar e editar toda a información xerada pola propia Delegación e polas súas Comisións de traballo, así como a publicación de información de interese de orixe externo ao COAG.

A web completa os servicios xa ofrecidos pola Delegación con información de interese para os colexiados

Fichas xeradas polas asesorías de estruturas

Circulares da Delegación

Circulares de planeamento

Boletíns de prensa elaborados polo gabinete de prensa e publicados semanalmente

Zona do colexiado

Caixa de correo do colexiado

Instrucións para a colexiación

Información persoal da Delegación

Secretaría (publicación de actas, orzamentos..)

Convenio con entidades

Información concellos limítrofes.

Selección de ofertas e demandas de emprego

Publicación de tódalas demandas e ofertas recibidas en coruna@coag.es e na Delegación, incluíndo a actualización de alumnos do convenio Unviersidade-COAG.

Concursos

Especialmente os vencellados a cidade e o seu área metropolitana

Eventos propios da Delegación

Xuntas de Delegación

Inauguración de exposicións

Conferencias, charlas, coloquios

Avisos de distinta natureza

Apoios ás asesorías

A través da páxina web CATcoruna recóllese a labor da asesoría de instalacións a cargo de María Jesús Dios e as consultas aos asesores do CTE, xestionando a recepción de mensaxes

Tamén se reflicta parte da labor desenvolvida pola asesoría de estruturas

Galería de eventos e exposicións

A páxina web continuou publicando as fotografías dos eventos e actos que tiveron lugar na Delegación durante o ano 2007

CTE

Despois da entrada en vigor do CTE actualizáronse e creáronse fichas de estruturas específicas coa colaboración de Eduardo Alonso Lois da CAT e

actualizáronse a zona na que se recolle o documento normativo e os seus programas complementarios coas súas actualizacións.

Información externa

Anunciáronse todo tipo de eventos realizados na cidade e nos concellos limítrofes de interese para o colectivo dos arquitectos: cursos, exposicións, inauguracións.

Xestión de correo electrónico

Recepción, lectura e contestación

Consultas colexiados 123 e-mails

Delegación 125

Consultas instalacións 83

Cultura e eventos 78

Correos internos 258

Información externa 367

Axencia comunicación, boletíns semanais de prensa números 210 a 242 e dende outubro, publicación diaria das novas mais destacadas da prensa do estado.

Estadísticas 2007

Informe: Resume COAG. Delegación da Coruña

Período 01/01/2007 - 31/12/2007

	2005	2006	2007	% Incremento
Total sesións	10.864	24.956	43.872	76
Total páxinas vistas	332.683	922.233	1.378.572	49
Total accesos	679.056	1.948.956	2.468.362	27
Promedio páxinas día	993	2.526	3.860	53
Descarga documentos	9.291	12.154	33.566	178
Páxinas vistas.				
Distribución por meses				
	2005	2006	2007	
Xaneiro		36.837	124.883	239
Febreiro		35.927	102.591	186
Marzo		51.565	150.188	191
Abril		42.328	113.378	168
Maio		85.976	116.335	35
Xuño	37.052	97.731	107.206	10
Xullo	22.916	79.580	99.466	25
Agosto	21.813	66.963	89.166	33
Setembro	29.344	93.513	117.836	26
Outubro	26.675	119.100	146.918	23
Novembro	36.005	112.334	124.199	11

Decembro	29.393	100.379	86.406	-14
Total	203.198	922.233	1.378.572	49%medio

14.- AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

Representante da Delegación. Emilio Liñares Negro

Organizado pola Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses en colaboración coa Xunta Directiva e a asesoría xurídica organizou se celebra o día 19 de abril unhas Xornadas sobre a Responsabilidade Civil dos Arquitectos coa intervención dos seguintes maxistrados

José Mariño Costelo: A responsabilidade da Dirección Facultativa derivada de accidentes laborais na edificación

José Ballesteros Pascual. Transcendencia penal da infracción das normas de prevención de Riscos Laborais

José L. Seoane Spielberg. Responsabilidade por vicios na Construcción.

A Coruña, 31 de marzo de 2008.

Asdo. Manuel de la Iglesia Pérez.
Presidente Delegación da Coruña. COAG.

FERROL

1.- XUNTA DIRECTIVA

Desde enero ata ás eleccións celebradas en maio a Xunta Directiva da Delegación está formada por

PRESIDENTE: Juan A. Pérez López de Gamarra
SECRETARIA: Patricia Montes Andrés
TESOREIRO: José Manuel López Leira

Esta Xunta Directiva celebra unha sóa reunión en fecha

12/01/07

Ante a solicitude da Comisión Organizadora da homenaxe a D. Bonifacio Borreiros Fernández, ex Concelleiro do Concello de Ferrol, ex Deputado nacional y ex Director Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, adopta o seguinte Acordo: "Aprobar a adhesión institucional da Delegación do C.O.A.G. no Ferrol a homenaxe a D. Bonifacio Borreiros Fernández".

A partir de maio a composición da Xunta Directiva é a seguinte,

PRESIDENTA: María de la Luz Fernández Lemos
SECRETARIA: Olga Fra Gálvez
TESOREIRA: Rosa Vilas Romalde

Esta Xunta Directiva celebra durante o 2007 un total de 8 reunións.

2.- DELEGACIÓN.

A Delegación de Ferrol ten adscritos un total de 106 colexiados.

Tramitáronse 968 expedientes.

Os ingresos xerados por visado ascenden á cantidade de 144.369,75 euros.

Celebráronse dúas Xuntas de Delegación, os días 26 de abril e 27 de novembro de 2007.

O Peche de contas do exercicio 2006 foi aprobado para a súa remisión á Xunta de Goberno, na Xunta de Delegación celebrada o 26 de abril de 2007.

Enviáronse un total de 12 comunicacións aos colexiados e 3 Circulares da Comisión de Planeamento.

Ademais dos servizos relacionados coa actividade do visado colegial, e os vencellados coa atención aos colexiados, a Delegación presta o servizo de asesoría xurídica, a cargo de José Seoane Iglesias.

Créase a dirección de correo planeamentoferrol@coag.es para resolver dúbidas de interpretación de normativa urbanística dos colexiados.

Periodicamente publícanse e respóndense consultas realizadas, e en casos como os de Ferrol, estas teñen resposta directamente polos técnicos do propio Concello, unha vez que lles son remitidas.

A Delegación pretende con esta iniciativa que a difusión destas preguntas e despostas permita a progresiva concreción duns criterios comúns e unha unificación dos criterios normativos e de interpretación dos concellos desta zona.

Desde finais de 2007, desde a Delegación de Ferrol fixéronse distintas xestións para a compra dunha nova sede.

Consultouse coa Tesourería do COAG a viabilidade do proxecto.

Tanteáronse posibles ubicacións no centro de Ferrol

3.- PERSOAL

Durante o 2007 o cadro de persoal da Delegación está formado por 5 persoas, das que 2 teñen carácter temporal: o asesor do CTE Eduardo Alonso Lois e o auxiliar administrativo David López del Río.

En decembro de 2007 prodúxose un cambio de persoal, xa que se tomou a decisión de non renovar o contrato temporal a David López del Río, coincidindo coa finalización do seu contrato. Esta decisión xustifícase na propia orixe da contratación, o aumento puntual da carga de traballo previa á entrada en vigor en setembro de 2006 do CTE, non atopando a finais de 2007 motivo para a súa permanencia. Sen embargo, non se desbota recurrir novamente a un auxiliar administrativo temporalmente e xustificado por novas sobrecargas de traballo.

4.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA.

As Comisións de Traballo da Xunta Directiva son:

Comisión de Cultura. Responsable Xosé Manuel López Leira.

Comisión de Asesoramento Tecnolóxico. Responsable María de la Luz Fernández Lemos / Eduardo Alonso Lois.

Comisión de Planeamento. Responsable Miguel Reimúndez González / Manuel Amable Romero Alonso.

5.- RELACIÓN CON INSTITUCIÓNS E ENTIDADES.

Descríbese a coordinación coa Sede do COAG en canto ás diferentes liñas de traballo abertas en relación coas Institucións, como o ofrecemento aos concellos da comarca en canto á realización de actos e calquera outra colaboración necesaria; e a presenza dos membros da Xunta Directiva e Comisións nos diferentes medios de prensa, audiovisual, radio e prensa escrita.

Concello de Ferrol.-

Desde xullo de 2007 a Delegación mantén contactos periódicos co Concello de Ferrol, mediante reunións cos concelleiros de Equipamento, vivenda, obras e rehabilitación; de Cultura e promoción turística; de Planificación, xestión urbanística e infraestruturas; e coa Xerencia de Urbanismo.

A primeira liña de colaboración é en cuestións relativas ao planeamento:

- Aprobación definitiva do PEPRI da Magdalena e interese pola redacción dos plans especiais de Ferrol Vello e A Graña.
- Interpretación da Normativa do PXOM de Ferrol, interesándose pola aclaración e transmisión por escrito dos criterios de aplicación dos Servizos urbanísticos do Concello.
- Prazos de concesión de licencias.

Unha segunda liña de colaboración céntrase na implantación dunha ordenanza ITE no municipio:

- Posibilidade de establecer un convenio de colaboración coa Delegación, para a difusión da ordenanza e a formación de colexiados.
- Estudo e exposición de ordenanzas ITE noutras cidades.
- Estudo de estratexia de implantación de ITE.

Unha terceira liña de colaboración é a preparación de convenios co COAG para xestionar concursos, establecendo o contacto entre Sede e as distintas concellerías interesadas:

- Concurso para a remodelación do Túnel da Costa de Mella para edificio cultural, coa concellería de Cultura e promoción turística.
- Concurso para a reurbanización de prazas nos Ensanches de Ferrol, coa concellería de Obras.
- Concurso para a reurbanización da praza de San Xoán de Ferrol, coa concellería de Obras.

Exposición sobre as Áreas de Rehabilitación en Ferrolterra, Eume e Ortegá.-

Desde as Comisións de Cultura e de Planeamento da Delegación prepárase desde fai dous meses unha exposición sobre os Conxuntos históricos, Cascos vellos e Áreas de Rehabilitación, nos concellos desta zona.

Exposicións e traballos de colaboración para a candidatura de Ferrol a patrimonio da Humanidade.-

Desde as Comisións de Cultura e de Planeamento da Delegación, e colaborando co Concello de Ferrol, estúdiase a forma en que o COAG pode apoiar esta candidatura.

Unha das primeiras iniciativas é a exposición sobre Ucha Piñeiro e a Arquitectura Modernista en Ferrol, promovida pola Fundación Ferrol Metrópoli, que se realizará proximamente na sede da Delegación de Ferrol.

Outras entidades.-

A Delegación asistiu á Mesa para a Mellora da Calidade de Vida e Diversificación Económica invitada pola Asociación Costa Ártabra.

6.- CELEBRACIÓN DA PATROA E AGRADECIMENTO Á DIRECTIVA SAÍNTE, PRESIDIDA POR JUAN PÉREZ LÓPEZ DE GAMARRA.

A Festa da Patroa celebrouse cunha cea o día 11 de maio de 2007 na que se fixo un agradecemento á Xunta Directiva saínte, en especial ao presidente Juan Pérez López de Gamarra.

Entregouse como agasallo aos colexiados asistentes un exemplar da Guía de Arquitectura de Ferrolterra.

7.- AGASALLO DE NADAL AOS COLEXIADOS.

A Xunta Directiva acordou regalar a todos os colexiados unha caixa de viño e unha de turróns artesáns.

A felicitación de Nadal, como vén sendo habitual, realizouse cunha tarxeta UNICEF.

8.- CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

O luns día 1 de outubro de 2007 celebramos o Día Mundial da Arquitectura baixo o lema "Emisións Cero".

A Delegación de Ferrol escolleu para tal conmemoración o "Albergue Alvarella" en Doroña, Vilarmador, exemplo pionero de arquitectura sostenible e respectuosa co medio ambiente en Galicia, ao apostar polo reciclado e a enerxía solar.

Os actos tiveron lugar ás 12,30 h. no Albergue Alvarella e ás 20,00 h. na Sala de usos múltiples da Delegación e contaron coa intervención dos arquitectos redactores do proxecto, D. Daniel Beiras García-Sabell e D. David Estany, ademais do equipo pedagóxico do Albergue que falaram sobre "Alvarella, un esforzo pola eficiencia energética".

9.- COMISIÓNS DE TRABALLO DA DELEGACIÓN.

Comisión de Asesoramento Tecnolóxico.-

A primeira parte do ano o representante da Comisión de Asesoramento Tecnolóxico foi Dona María de la Luz Fernández Lemos, pero ante a súa elección como Presidenta da Xunta Directiva, acéptase e désígnase como novo representante a Don Eduardo Alonso Lois.

Desenvolvéronse as seguintes actividades:

CURSOS

Febreiro 07 "Curso Básico 2ª Parte" del Plan de formación del Código Técnico de la Edificación. CAT. COAG. 12 horas.

Febreiro 07 "Curso de especialización. DB-HE Ahorro de Energía" del Plan de formación del Código Técnico de la Edificación. CAT. COAG. 16 horas.

Setembro 07 "Curso de introducción. Certificación energética de los edificios" del Área de Normativa. CAT. COAG. 4 horas.

Decembro 07 "Curso de Certificación energética de los edificios: Curso práctico CALENER VYP" del Área de certificación Energética. CAT. COAG. 16 horas.

Decembro 07 "Curso de Reglamento de las instalaciones térmicas en los edificios" del Área de RITE. CAT. COAG. 4 horas.

CHARLAS TECNICAS

Febreiro 07 "Cype. Versión 2007.1 de los programas de INSTALACIONES DE EDIFICIOS Y DB-HE".

Novembro 07 "Cortizo. Cerramientos de aluminio. Jornada técnica sobre el CTE y el cumplimiento energético del cerramiento de aluminio".

Novembro 07 "Isover. Materiales aislantes. Térmica y acústica: Normativas, materiales y soluciones constructivas".

Comisión de Cultura.-

Neste período desenvóléronse as seguintes actividades:

PUBLICACIONES

"GUÍA DE ARQUITECTURA DE FERROL E COMARCA" . 31/05/07

Presentación da publicación: "Guía de Arquitectura de Ferrol e Comarca". Forma parte do conxunto de guías que está a promover o Colexio de Arquitectos nas delegacións. Tense realizado unha primeira tirada de 1.500 exemplares que se veñen de distribuir en bibliotecas e concellos das comarcas de influencia da delegación.

O acto foi presidido polo presidente saínte da delegación de Ferrol, D. Juan A. Pérez López de Gamarra, e contou coa presenza do presidente da Comisión de Cultura do Colexio de Arquitectos de Galicia D. Felipe Peña Pereda e contou coa presenza de D. Eduardo Fra Molinero, prologuista do libro, e D. Miguel A. Reimúndez co-autor dos contidos.

EXPOSICIÓNS

30/03/07-21/04/07

Exposicións de grabados "En liña discontinua" de Nacho Méndez Baamonde.

O autor cedeu á Delegación a obra titulada "Mr. Couple Mrs. TV" pertencente a dita mostra.

31/05/07-01/07/07

Exposición de fotografías da Guía de Arquitectura. Con todo o material gráfico empregado para a elaboración da Guía de Arquitectura de Ferrol e Comarca, realízase unha exposición que baixo o título "**Arquitecturas na ría**" recolle os exemplos máis salientábeis de construcións recentes na comarca. Baixo a coordinación de D. José M. López Leira, e con fotografías de Ovidio Aldegunde, Elvira e María Paz e Jorge Fernández materializan a instalación e producen o vídeo que será colgado para uso público na futura páxina web da delegación.

Asemade de ser unha produción propia da delegación, conta por primeira vez con patrocinio publicitario. A empresa ULMA e o establecemento de mobiliario contemporáneo CASSA, colaboran na produción desta exposición.

17/10/07-09/11/07

Exposición de fotografías de Manuel Amado titulada "Mar".

O autor cedeu á Delegación a obra titulada "As Pías" pertencente a dita colección.

21/12/07-18/01/08

Exposición "XII Premios COAG de Arquitectura".

No acto de inauguración contouse coa presenza do Ilmo. Sr. Decano, D. Celestino García Braña, e co Presidente da Comisión de Cultura do COAG, D. Felipe Peña Pereda.

Comisión de Planeamento e Medio Ambiente.-

O responsable da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente neste período é Miguel Reimúndez González ata abril de 2007; posteriormente désígnase como novo representante a Don Manuel Amable Romero Pérez.

REUNIÓN DA COMISIÓN DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE DO COAG

Esta reunión celebrada na Sede central do COAG serve para poñer en común diversas propostas e para establecer a forma de funcionamento da mesma. Acórdase unha periodicidade trimestral.

O seu obxectivo é coordinar actividades das distintas Comisións de Planeamento e Urbanismo das Delegacións do COAG e subscribir, previa aprobación dos órganos de goberno do COAG que corresponda, convenios e acordos con outras entidades públicas para a realización de actividades sinaladas no número anterior.

REUNIÓN DA COMISIÓN DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE DA DELEGACION DE FERROL

Celebráronse en cinco ocasións na sede da Delegación do COAG de Ferrol.

Acordouse a súa realización de forma mensual, e propúxose a creación de distintos equipos de traballo coa colaboración de Montse Ruiz, Olga Fra e Jose Alejandro Romero.

Estas reunións da Comisión de Planeamento serviron para poñer en común diversas propostas e obxectivos que esta Delegación plantea para mellorar o planeamento e o

desenvolvemento urbanístico que se está producindo na zona de influencia. Pero tamén, para sinalar os problemas que desde o punto de vista do urbanismo e da ordenación do territorio, están xurdindo nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

En resumo, estes foron os temas tratados en cada unha:

12/07/07

Primera reunión da Comisión de Planeamento da Delegación do COAG de Ferrol, tras as eleccións a Xunta Directiva da Delegación.

Informouse en detalle aos novos colaboradores das actividades realizadas pola anterior Comisión e das tarefas que quedaron pendentes. Tamén se plantearon as cuestións a tratar nunha futura reunión co Concello de Ferrol.

02/08/07

Reunión dos membros da Comisión co concelleiro de vivenda do Concello de Ferrol, e sobre as actuacións que se pretenden acometer en varios puntos deste concello.

Tamén plantéase a futura organización en colaboración co COAG dunhas xornadas sobre urbanismo e vivenda pública.

17/10/07

Trátanse os seguintes temas:

-O anuncio da suspensión das licencias de parcelación ou segregación de terreos no solo de núcleo rural de Mugaros. Esta decisión vén a pór de manifesto a inadaptación que presentan os planeamentos deste e doutros moitos municipios da nosa área de influencia e da súa especial pegada no progresivo deterioro do medio rural.

- Valórase a incidencia da próxima aprobación do Plan especial de protección e rehabilitación do Barrio de A Magdalena en Ferrol.

- Expóñense certas contradicións detectadas na aplicación de ordenanzas do PXOM de Ferrol e tamén as dúbidas que mostran os colexiados respecto da interpretación do planeamento municipal que se está facendo nalgúns municipios limítrofes.

05/11/07

Trátanse os seguintes temas:

- Proponse a creación dunha dirección de correo para tentar detectar e aclarar as dúbidas máis frecuentes de interpretación da normativa e ordenanzas nos municipios desta delegación (Comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal).

- Trátase a posible firma dun convenio do COAG co municipio de Ares para a catalogación do núcleo de Redes que está sendo xestionado pola delegación da Coruña, pero na que debe estar presente tamén a delegación de Ferrol.

Polo tanto, acórdase a celebración dunha reunión coa Xunta Directiva de Coruña para concretar a nosa colaboración.

07/12/07

Tras a aprobación definitiva do Plan especial de protección e rehabilitación do Barrio da Magdalena en Ferrol

Acórdase solicitar ao Concello de Ferrol unha copia da redacción definitiva do PEPRM e realizar a compra dos exemplares do B.O.P en que aparece publicado. Por último, acórdase remitir aos colexiados unha circular indicando que o PEPRM tamén pode ser consultado na páxina de planeamento urbanístico, onde se recolle toda a documentación gráfica: planos, alzados normativos e fichas.

PRESENTACIÓN DE ALEGACIONES

Atende reclamacións xudiciais e extraxudiciais de honorarios.

2.4. Servizo de planeamento

Van caendo as consultas ao planeamento da Delegación por mor da informatización dos últimos instrumentos de planeamento aprobados e o pleno funcionamento da paxina Web do Colexio sobre o Planeamento de Galicia.

2.5. Relacións cos medios

Durante o 2007, Vía Láctea Comunicación foi a oficina de prensa e comunicación da Delegación de Santiago do COAG. Difundiu actos e actividades de signo corporativo, profesional, cultural e social; buscou novos filóns informativos; asesorou á Xunta Directiva no seu labor de representación; e, en definitiva, velou pola proxección e boa imaxe da Delegación.

A penetración informativa da Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia no 2007 experimentou un crecemento significativo respecto ao resultado do ano anterior, cunha subida de oito páxinas na prensa escrita. En concreto, as cifras globais de 2007 amosan un total de trinta páxinas en prensa escrita e máis de 3 horas de entrevistas en medios audiovisuais. Cómpre destacar o espazo semanal en Radio Galicia-SER, de 5-7 minutos, que realiza Miguel Serrano. Lembremos que se trata dunha sección sobre arquitectura e urbanismo de carácter divulgativo, na que tamén se comentan actos, actividades e opinións colexiais.

As noticias que máis espazo acadaron na prensa escrita foron as dúas exposicións de "Galicia en Foco", con 7 páxinas de información repartidas entre os 28 impactos xerados e o ciclo "Cine e cidade", organizado pola Comisión de Cultura entre os días 2 e 5 de outubro. O ciclo tivo unha presenza constante nos medios de comunicación cun total de 41 impactos en xornais, axencias, radios, televisións e medios dixitais. En prensa chegouse a sumar máis dunha páxina e media de información.

Dende Vía Láctea enviaron un total de 5 comunicacións. A primeira emitíronla a semana anterior ao inicio da mostra, como preámbulo da mesma. Logo enviaron unha nota cada día para informar sobre os filmes e documentais que se ían proxectar na xornada seguinte.

As notas de prensa recolléronse nos xornais de referencia na área de Compostela (El Correo Gallego, Galicia Hoxe, edicións de Santiago e Barbanza de La Voz de Galicia e o semanario Santiago Siete), tanto a través de informacións como nas seccións correspondentes de “Axenda”. Ademais dos xornais, o ciclo difundíuse por medio de varias axencias de noticias (AGN e Europa Press), emisoras de radio, canles de televisión; e mesmo se destacou algunha presenza en medios vía internet, como é o caso da web www.culturagalega.org.

Cómpre destacar un impacto en páxinas xerais de La Voz de Galicia, que chega cada día a case 600.000 lectores. Trátase do xornal de maior penetración na comunidade galega. A información recolleuse na sección de “Cartelera e críticas”. Ademais dos xornais de referencia na área de Santiago, o ciclo de cine publicouse nas edicións galegas de El País e ABC. Tamén houbo un impacto no diario gratuíto Metro, con moita difusión entre a poboación estudantil, o que resulta de grande interese cara a lograr un maior número de asistentes ás proxeccións.

O ciclo “Cine e cidade” tamén tivo unha repercusión importante nos medios audiovisuais. Un total de 7 emisoras de radio abordaron os contidos do ciclo na súa programación, tanto nas seccións de “Axenda” como nos correspondentes espazos culturais, con entrevistas aos responsables da Comisión de Cultura do Colexio. Trátase da Cadena SER, Cadena Cope, RadioVoz, Onda Cero, Punto Radio, Radio Galega (rexional) e RNE (rexional). En canto ás canles de televisión, a mostra cinematográfica saíu nos informativos locais de Santiago da TVG, dentro dunha información máis ampla sobre o Día Mundial da Arquitectura. Pola súa parte, Correo TV recolleu na súa axenda diaria os filmes que se proxectaban en cada xornada.



Non se pode esquecer o Día Mundial da Arquitectura que como xa é habitual tivo moi boa acollida tanto nos medios escritos coma nos audiovisuais. Destaca o tratamento de La Voz de Galicia, El Correo Gallego, Faro de Vigo, Galicia Hoxe e Santiago Siete, que destacan o edificio homenaxeado nesta edición: A Casa da Conga. En relación á presenza nos medios audiovisuais, tanto a presidenta do COAG-Santiago, Idoia Camiruaga, como outros membros do Colexio realizaron unhas 10 entrevistas o mesmo día da efeméride.

Previa á celebración do Día Mundial da Arquitectura, cómpre destacar a mostra “Instalación: pasas?”, que tamén tivo moi boa aceptación na prensa escrita, cun total de 8 impactos de gran tamaño. Outra das informacións enviadas dende Vía Láctea recollían os datos de visados da área de Compostela e do Barbanza, que atoparon moi boa resposta na prensa, especialmente en La Voz de Galicia.

Por outra parte, o resultado das eleccións colexiais celebradas o 11 de maio, que supuxeron o cambio de Xunta Directiva, comunicouse aos medios en tempo e forma, coa conseguinte publicación en El Correo e La Voz da noticia do relevo, acompañada coa foto de Idoia Camiruaga, Miguel Serrano e Jorge Duarte.

Ademais, La Voz de Galicia fíxolle unha entrevista á nova presidenta, Idoia Camiruaga, de corte xeral, que saíu publicada o 10 de xuño.

Táboas comparativas dos anos 2004, 2005, 2006 e 2007



2.6. Web da Delegación de Santiago

Vía Láctea encárgase de actualizar os contidos da paxina web propia da Delegación, segundo as diferentes comisións e agrupacións van aportando.

Nestes momentos se está a renovar a Web, para dotarlle de mais contidos e facer mais sinxela a súa navegación.

3. Relacións institucionais e convenios

3.1. Consello Galego para a promoción da accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas

O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ten participación no Consello, por medio dun arquitecto titular e un suplente, sendo este último o noso arquitecto de control, don Carlos Henrique Fernández Coto.

3.2.-Relacións cos concellos.

Durante o ano 2007 a Xunta Directiva tivo xuntanzas coas alcaldesas de Melide e de Vilasantar e co Alcalde de Padrón co obxectivo de entaboar colaboracións cos Concellos da Comarca. Propúsose mellorar as oficinas técnicas, una axuda na elaboración do planeamento urbanístico e a colaboración do colexio para elaborar os proxectos de obras municipais a través de concursos de ideas.

4. Actividades de comisións e agrupacións


4.1. Comisión de Cultura

Durante este ano a Comisión de Cultura estivo formada polos arquitectos: M^a del Carmen García, Carmen Rey e Susana R. Alemparte.

Despois do cambio de xunta directiva, este equipo amosou a súa intención de deixar a comisión, a a prtires de entonces Ivan Andrés Quintela encargouse de coordinara a comisión, abrindo a mesma para que poidan colaborar o maior número de colexiados.

Realizáronse as seguintes exposicións:

- 1.-Galicia en Foco XVII. Club de Prensa de Ferrol (fotografía)
4 de xaneiro - 2 de febreiro



- 2.-Olisirta-Sirta(Alfonso Iglesias-arquitecto da Delegación) (pintura)
1 de xuño – 22 de xuño.



3.-pasas? esta é a túa casa.

11 de setembro-1 de outubro


4.-Galicia en Foco XVIII. Club de Prensa de Ferrol (fotografía)
Decembro 2007

V ENCONTROS DE ARQUITECTURA

No mes de novembro a Delegación participou nos encontros coa organización das visitas as arquitecturas de Santiago.

Ciclo de cine

No mes de outubro a comisión organizou un ciclo de Cine coa temática da Cidade. Proxectáronse catro películas na Aula de Cultura de Caixa Galicia na carreira do Conde, con moito éxito de audiencia.



DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA

1 de outubro de 2006 día mundial da arquitectura 2007, que este ano respondeu ao lema "Emisión cero". O acto tivo lugar o día na praza da quintana, baixo as arcadas da casa da Conga as 20 horas coa visita da Casa da Conga, e música en directo na praza coa "Le Magnific Band des hommes sans medo".

4.2. Comisión de Planeamento e Medio Ambiente

O representante da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente foi don Alfredo Varela Nogueira ata o cambio da Xunta Directiva, e a partires nese momento Ignacio Soto foi o coordinador da comisión.

4.3. Comisión de Asesoramento Tecnolóxico

O representante na delegación de Santiago da Comisión de Asesoramento tecnolóxico é don Manuel Xosé Freire Tellado, que foi acompañado por Baltasar Otero dende setembro nas tarefas de organización da comisión.

CHARLAS TÉCNICAS:

Febreiro 2007: Instalacións de edificios CIPE

Xullo 2007: Xeotermia

Novembro 2007: ISOVER

Novembro 2007: Cerramentos Cortizo

CURSOS

Marzo 2007: Plan de formación de CTE: Curso Básico. 2ª Parte.

Maio 2007 Curso práctico CTE – DB HE1

Outubro 2007: Eficiencia enerxética

Decembro 2007: RITE

4.4. Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses

O representante da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses en Santiago é José Manuel Bernardez Matovelle.

A agrupación participou nas Xornadas CSCAE-CGPJ no mes de xuño, becando a asistencia dalgúns membros da agrupación e invitando a Xuíz Mónica Sánchez.:

4.5. Xornadas de Arquitectura Bioclimática

Ademais de tódalas actividades desenvolvidas neste eido polas comisións colexiais, que xa mencionamos, cómpre salientar a celebración das X Xornadas de Arquitectura Bioclimática, coordinadas por don Federico López Taetzel, e en colaboración co Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.

Tiveron lugar en Santiago, do 16 de novembro ao 15 de decembro do 2007 no local do Colexio Oficial de Avogados de Santiago.

5. Actividades colexiais

5.1. Arquitectos sen Fronteiras

A Delegación de Santiago do COAG colaborou con Arquitectos Sen Fronteiras de Galicia aportando 2.110 euros para o financiamento dun proxecto de implementación de infraestruturas de habitabilidade básica nos municipios costeiros do departamento de Retalhuleu coa poboación indíxena e campesiña de Guatemala.

5.2.-Viaxe a Cuba

Durante o mes de outubro un grupo de colexiados da Delegación fixo unha viaxe profesional a Cuba de dez días de duración na que tiveron encontros cos Eusebio Leal (Historiador da Cidade) e cos arquitectos da súa oficina para unha visita guiada á Cidade; coa oficina de Rehabilitación da Cidade de Trinidad, para unha visita guiada; e coa Oficina do Arquitecto Conservador da Cidade Santiago de Cuba (OMAR LÓPEZ) e co Colexio de Arquitectos para unha visita guiada á cidade. Ademais visitar tamén a cidade de Camaguey.

Como resultado da visita, firmábase un acordo para redactar un convenio de colaboración entre os arquitectos de Santiago de Cuba e de Santiago de Compostela para poder realizar actividades conxuntas.

5.3. Outras actividades

O venres 26 de xaneiro do 2006 festexouse o Día da Patroa dos arquitectos (Nosa Señora de Belén na súa Fuxida a Exipto) no Hotel NH-Obradoiro no que se celebrou unha cea de confraternidade e baile amenizado por un DJ, coa asistencia de 180 persoas (entre colexiados e acompañantes). Na cea sorteouse unha estancia de fin de semana nun hotel da cadea.

O sábado día 2 de setembro puidemos disfrutar dun xantar campestre na Carballeira de Santa Susana en Santiago a base de Polbo á feira, Churrasco e Carne ao caldeiro. Café de pota, auga e viño, para toda a familia. A sobremesa estivo amenizada por uns paiaos para entreter aos rapaces mentres os maiores repousaban a enchente.



Presidenta da Delegación de Santiago
Dona Idoia Camiruaga Osés.

Santiago de Compostela, abril de 2008

1.-XUNTA DIRECTIVA

Como resultado das eleccións xerais celebradas o 11 maio de 2007 a Xunta Directiva da delegación está composta neste período por:

Presidente: Salvador Fraga Rivas
Tesoureiro: Andrés Touceda Gómez
Secretario: Alba Rodriguez Alvarez

2.-REUNIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA

Celebráronse reunións semanais nas que se trataron asuntos varios da delegación e nas que participaron asimesmo o arquitecto de control.

A Xunta Directiva está asesorada xuridicamente por Alfonso Álvarez Gándara.

3.-REUNIÓNS DA XUNTA DE DELEGACIÓN

Ó longo do ano 2007 celebráronse varias Xuntas de Delegación:

- € O luns 26 de marzo, Xunta ordinaria de Delegación na que se dou conta, por parte da Presidenta, das actividades desenvoltas ata o momento;
- € O martes 17 de abril; Xunta ordinaria de Delegación na que se aprobou o Peche de contas, a Memoria de Xestión, entre outros acordos.
- € O martes 27 de novembro, Xunta ordinaria de Delegación na que se aprobou o Presuposto da Delegación para o exercicio 2008.

4.-COMISIÓNS DE TRABALLO DA XUNTA DIRECTIVA

Asesoramento tecnolóxico: Delegado Antonio Hernández Crespo

Cultura:Delegado Victor González Magdalena ata decembro, na actualidade é
Mónica Díaz Rodríguez
Biblioteca Milagros Álvarez Conde

Planeamento: Delegado José Romero Amich
Asesora Beatriz López-Chaves Castro

Coordinación de actividades: Alicia Carrera Gómez

5.- SERVIZOS COLEXIAIS

En horario de oficina de 8 a 3, de luns a venres, a Delegación oferta os servizos que se relacionan acto seguido:

- Visado
- Xestión de cobro
- Reclamación xudicial de honorarios
- Asesoría xurídica
- Biblioteca: consulta e préstamo
- Información urbanística xeral e de desenvolvemento dos concellos da provincia de Pontevedra.
- Aula de Informática: uso de diversos programas, ploteado, impresión a color, scaneado, grabadora de cd, acceso a Internet, asesoramento, etc.
- Cámara Dixital: préstamo ós colexiados
- Aparcamiento gratuito dunha hora de duración no Parking Colón Centro para facilitar a realización de xestións na Delegación.
- Cañón: préstamo ós colexiados que a solicitan.
- Información xeral os colexiados: a través das circulares que se remiten os colexiados en papel ou por correo electrónico, sendo esta última vía a máis solicitado polos asociados.

6.- OUTROS SERVIZOS DA DELEGACIÓN:

6.1.-Asemas, Asociación de Seguros Mutuos de Arquitectos Superiores dispón dunha oficina territorial na Delegación de Vigo para atender as consultas e xestións dos colexiados co Seguro en horario de 8.00 a 15.00 horas os luns, mércores e venres.

- Responsable oficina: Marta Bastos Martín
- Avogados: Clara M^a Beiró Calvo
Maañón-Movilla-Martín
Alfonso Álvarez Gándara

6.2.-Asesoría Fiscal: Continúa a prestar o servizo de asesoría fiscal ós colexiados adscritos á Delegación a Asesoría Fiscal Egerique Asociados S.L. para todos aqueles colexiados que queiran tanto na constitución ou creación de empresas como na declaración dos imposto correspondentes.

6.3.-Hermandad Nacional de Arquitectos Superiores, Mutualidad de Previsión Social a prima Fixa, para atender todas as consultas ou prestación de novos servizos dos mutualistas.

- Responsable oficina Ana Varela Muradás en horario de 10.00 a 14.00 horas os martes, xoves e venres.

6.4.-Reclamación Xudicial de Honorarios: Alfonso Alvarez Gándara,
Juan José Yarza Urquiza.

Os colexiados que o dexesen poden solicitar na Delegación a posibilidade de reclamar xurídicamente os honorarios profesionais dos expedientes non retirados.

7.- PROYECCIÓN DA IMAXE DA DELEGACIÓN

A Delegación continua coa labor de ter presenza nos distintos e mais importantes foros que se desenvolven na cidade e a área de influencia da Delegación para todos aqueles temas que interesan a profesión. De todos eles paga a pena citar:

- ✓ Consello Sectorial de Urbanismo do Concello de Vigo

- ✓ Consello Social do Concello de Vigo
- ✓ Consello Local de Accesibilidade do Concello de Vigo
- ✓ Fundación Provigo
- ✓ Fundación Teatro Principal de Tui
- ✓ Foro de Urbanismo e Infraestructuras do C.F.V.
- ✓ Comité Técnico do Granito

As actividades que esta participación xenera, procúrase que sexan ben coñecidas con presenza frecuente nos medios, o que se consegue contando co persoal da Delegación e co gabinete de prensa. Tamén se difunden entre os colexiados todos aqueles actos, en especial, os organizados polo Foro de Urbanismo e Infraestructuras do C.F.V., que se desenvolven en torno a profesión ou de interese para a profesión.

8.- PERSOAL DA DELEGACIÓN

- 1.-A Delegación conta na actualidade con 12 empregados.
- 2.-O Arquitecto de Visado e Control continúa a ser D. Enrique Urdiales de Santiago.
- 3.-O Arquitecto de Visado, Anxo de la Puente Fernández, encargado do visado dixital.
- 4.-Arquitectos de Visado, Dna. Elena Clavería Fontán e Marcial Sobrino Muñoz, sendo este ademáis Asesor do CTE
- 5.- Con respecto do persoal administrativo non houbo ningún cambio que mencionar. Os administrativos da Delegación son:
 1. Xefe de 1ª administrativo: Rodrigo Costas Duarte;
 2. Xefe de 2ª administrativa: Maite Moldes Goday;
 3. Oficial de 1ª administrativa: Ana María Vila Martínez;
 4. Oficial de 1ª administrativa: Esther Hernández Pérez;
 5. Oficial de 2ª administrativo: Pepe Román Graña;
 6. Oficial de 2ª administrativo: Carlos Costas Duarte;
 7. Oficial de 2ª administrativa: Lucía Calvo Martínez;
 8. Auxiliar administrativo: Pedro Rodríguez Seoane.

Ademais, puntualmente, para cubrir algunha baixa ou vacacións foi contratada como Auxiliar Administrativa, Lara Martínez García.

9.- NOVA SEDE COLEXIAL: Unidade de Actuación "Pobo Galego"

- Continua ó fronte a Consultoría e Asistencia Técnica para a dirección integrada de proxecto para a construción de Urbanización do estudio de detalle do Pobo Galego e Edificio para a Nova Sede do COAG en Vigo.
- Celebrouse o acto de colocación da Primeira pedra para comezar a edificar a nova sede.



- Na actualidade as obras continúan según os prazos previstos.

10.- RELACIONES EXTERNAS

- COA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Concello de Vigo:

1.-Comisión de seguimento do Plan Especial de Edificios a Conservar.

Continúase a participar activamente nas reunións e visitas a edificios

2.-Comisión de Seguimento do PXOM: seguimos a estar presentes.

3.- Consello Sectorial de Urbanismo: o COAG segue a estar presente nas reunións do Consello para participar activamente no desenvolvemento da cidade.

4.- Consello Social do Concello de Vigo: O Coag segue a estar presente nas reunións do Consello.

- COA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

1.-Consellería de Economía e Facenda. Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos traballos de taxacións periciais contradictorias co listado remitido a Consellería.

2.-Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local. Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos informes xudiciais a través do listado de Arquitectos dispostos a actuar en asuntos xudiciais.

- CON OUTROS COLEXIOS PROFESIONAIS

1.-Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra: Continúase a traballar co Colexio de Aparelladores e o Concello sobre o funcionamento da Inspección Técnica de Edificios.

2. Colexio de Avogados de Vigo: Colabórase facilitando a adxudicación e distribución dos informes xudiciais.

- CON INSTITUCIÓNS LOCAIS

1.-Fundación ProVigo: membro do padroado. Asístese e participase con regularidade nas reunións.

2.-Foro do Urbanismo e Infraestruturas: Aparte de ser socios, nestes momentos exercemos a Presidencia na persoa do arquitecto. D. Gabriel Santos Zas. Varios colexiados participan nos foros e debates facéndose cargo a Comisión de Planeamento do importe das cotas.

3.-Club Financiero: a Delegación é accionista e socia do club, o que nos permite participar nos actos que se organizan e facer uso das instalacións; os colexiados, previa reserva colexial e mediante aluguer, poden usar as salas de reunión, auditorio e despachos.

4.-Fundación Teatro Principal de Tui: formamos parte do Padroado da Fundación.

- COA UNIVERSIDADE

1.-Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña: continúa vixente o Convenio coa Universidade de A Coruña que se concreta no Programa de Cooperación Educativa para estudantes do último ciclo sendo utilizado por colexiados da Delegación sobre todo no período non lectivo daqueles.

- CON OUTRAS INSTITUCIÓNS

1.-Arquitectos sen Fronteiras: continúaase coma todos os anos a colaborar con Arquitectos sen Fronteiras de Galicia aportando 3.000 euros,para o financiamento dos proxectos que esta institución desenvolve por todo o mundo.

2.-Cruz Roxa: continúaase coma todos os anos a colaborar coa Cruz Roxa aportando 270,00 euros. para o financiamento dos proxectos que levan a cabo.

11.- ACTOS COLEXIAIS

CEA DA PATRONA

Venres 29 de xuño de 2007

Pazo de San Roque - Vigo

Entrega de insignias ós colexiados que levan vintecinco anos na profesión:

- D. Juan Alberto Abia Alonso
- D. José Manuel Alonso Ogando
- D. Guillermo Lago Davila
- D. Luis Mejjide Rico
- D. José Antonio Quiroga Quiroga

Entrega de insignia ó empregado que leva vintecinco anos prestando servicios administrativos: D. Carlos Costas Duarte

12.- SECRETARIA

Colexiados: altas, 29 – baixas, 1

Sociedades: alta, 6 – baixas, 0

Habilitados de alta, 154 – baixas 0

Movemento administrativo:

Ano 2007	Entradas	1945
	Saídas	1396
	Circulares	37

13.- TESOURERÍA

Foron aprobados os presupostos para o ano 2008 na Xunta de Delegación celebrada o 27 de novembro de 2007.

O peche de contas foi aprobado na Xunta de Delegación celebrada o 17 de abril de 2007 cun resultado positivo esperado dando cumprimento as expectativas económicas xeneradas, sobre todo, cara a manter a liña de contención de gastos para facer fronte a construción da Nova Sede do COAG en Vigo.

Durante o periodo o importe das minutas de honorarios reais xestionadas pola delegación ascenderon a 5.266.160 €.

Desglose dos Honorarios estimativos ou de referencia			
Xestión	Tipo1	Tipo2	Importe
Colegiado	LIBRES	O.PRIVADA	23.585.762 €
Colegiado	LIBRES	O.OFICIAL	210.499 €
Colegiado	VPO	O.PRIVADA	749.871 €
COAG	LIBRES	O.PRIVADA	5.922.983 €
COAG	VPO	O.PRIVADA	125.911 €

14. - VISADO

Documento tramitados por tipo de traballo na delegación de Vigo		
Descrición	Núm. Docs	Porcentaxe
Anteproxecto	30	0,20
Aprobación do Plan de Seguridade e Saúde	1	0,01
Certificado Final da Dirección de Obra (Oficial)	1548	10,08
Comunicación de Encomenda	198	1,29
Derrubo	151	0,98
Deslinde / Medición de Terreo ou Edificación	4	0,03
Dirección de Derrubo	15	0,10
Dirección de Obra de Edificación	1706	11,11
Dirección de Obras Menores	19	0,12
Dirección de Urbanización	11	0,07
Documentación Complementaria	2954	19,24
Documentación Vinculada á Dirección	847	5,52
Estudo Básico De Seguridade e Saúde	1523	9,92
Estudo de Detalle	5	0,03
Estudo de Seguridade e Saúde	73	0,48
Estudo de Seguridade e Saúde – Outros Técnicos	85	0,55
Estudos Previos	3	0,02
Expediente de Legalización	247	1,61
Factura do Arquitecto	31	0,20

Informe Pericial (Xulgado)	1	0,01
Informe, dictame, peritación ou certificado	1136	7,40
Levantamento de Planos	10	0,07
Libro do Edificio (documentación final)	6	0,04
Licencia o autorización de obra	1638	10,67
Memoria de actividade	36	0,23
Memoria de obras menores	7	0,05
Modificación de Planeamento	1	0,01
Outras figuras de ordenación	1	0,01
Outros doc. de Seguridade e Saúde	83	0,54
Parcelación / Segregación	199	1,30
Plan de Sectorización	5	0,03
Plan Especial	1	0,01
Plan Parcial	5	0,03
Proxecto Básico	708	4,61
Proxecto Básico . Modificado	90	0,59
Proxecto Básico . Reaxuste	17	0,11
Proxecto Básico e de Execución	813	5,29
Proxecto Básico e de Execución. Básico Reaxustado	5	0,03
Proxecto Básico e de Execución. Básico Reformado	94	0,61
Proxecto Básico e de Execución. Modificado	116	0,76
Proxecto Básico e de Execución. Reaxuste	16	0,10
Proxecto de Execución	470	3,06
Proxecto de Execución. Reaxuste	6	0,04
Proxecto de Urbanización	19	0,12
Proxecto Equidistribución	3	0,02
Proxecto Parcial	3	0,02
Renuncia do/s Arquitecto/s	95	0,62
Solicitud de licencia o autorización de obra	278	1,81
Taxación / Valoración	43	0,28

Practicaronse 4908 liquidacións e emitíronse 0 talóns.

Libros de incidencias 79 e libros de ordes 1507.

Documentos agrupados por fase da Delegación de Vigo	
Fase	Número
Anteproyecto	30
Dirección	1731
Dirección + Liquidación	1
Dirección de Demolición	1
Documentación Final	6

Estudios Previos	3
Legalización	1
Proyecto Básico	825
Proyecto Básico y de Ejecución	1055
Proyecto de Ejecución	566
Proyecto y Dirección de Demolición	247
-Sen Fase	10904

15.- COMISIÓN DE ASESORAMIENTO TECNOLÓXICO

Delegado: Antonio Hernández Crespo

CURSOS

31 de xaneiro
CURSO DE CÁMARA DIXITAL E RETOQUE FOTOGRÁFICO
DELEGACIÓN

2-3 febreiro
CURSO ARCHICAD BÁSICO
DELEGACIÓN

7-8-9 febreiro
CURSO CÓDIGO TÉCNICO DA EDIFICACIÓN
Club Financiero de Vigo

12-13 febreiro
CURSO CTE-HE FAI Aforro de Enerxía
Club Financiero de Vigo

23-24 marzo
CTE CIMENTACIÓNS
Club Financiero de Vigo

10-11 abril
CTE-HE
Club Financiero de Vigo

13-14 abril
CTE-HE
Club Financiero de Vigo

21 setembro
CURSO DE CERTIFICACIÓN ENERXÉTICA CALENER VYP
Club Financiero de Vigo 16.00-20.00 hs.

9-10 outubro
CURSO CALENER VYP
Club Financiero de Vigo 10.00-14.00 hs./16.00-20.00 hs.

29 NOVEMBRO
CURSO RITE (INSTALACIONES TÉRMICAS)
Club Financiero de Vigo 16.00-20.30 hs

CHARLAS TÉCNICAS-PRESENTACIÓNS

1 febreiro
PRESENTACIÓN DO PROGRAMA GESTPROJECT
DELEGACIÓN

27 febreiro
CYPE-HE
DELEGACIÓN

12 abril
PRESENTACIÓN ROSAGRES
DELEGACION

18 abril
PRESENTACIÓN ALUMAFEL
Club Financiero de Vigo

24 de abril
CHARLA TÉCNICA FERROLI
XORNADA SOBRE INSTALACIÓNS DE ENERXÍA SOLAR TÉRMICA DE BAIXA TEMPERATURA

26 de abril
CHARLA TÉCNICA UPONOR
Suelo Radiante-Fontanería Quick & Easy-Ecoflex-Unipipe

15 maio
PRESENTACIÓN PINTURAS WELLNESS
Cámara de Comercio

7 de xuño
CHARLA TÉCNICA TERRATEST
CONTENCIÓN DO TERREO A TRAVÉS DE MUROS ECOLÓXICOS
Delegación do COAG

13 de xuño
CHARLA TÉCNICA POLYTUIL-OPTIMER-THERMOCHIP
Delegación

21 de xuño
CHARLA TÉCNICA CIDEMCO
"Avaliación da eficiencia enerxética na edificación"
Club Financiero de Vigo 19.00 a 21.00 h.

28 de xuño
CHARLA TÉCNICA- SOLER&PALAU VENTILACIÓN MECÁNICA CONTROLADA (VMC)
SOLUCIÓNS DE VENTILACIÓN ACORDE AO NOVO CTE
Club Financiero de Vigo

27 setembro
XORNADA PRESENTACIÓN WEBER
Club Financiero de Vigo

3 outubro
CHARLA ITES
Fundación CaixaGalicia 19.00-21.00 hs.

25 outubro

CHARLA ISOVER
Delegación 18.30-21.30 hs

29 outubro
PRESENTACIÓN GAS NATURAL
Delegación 19.00-21.30 hs

5 novembro
PRESENTACIÓN CYPE
Delegación 19.00-21.30 hs

7 novembro
CONFERENCIA SOBRE O MERCADO INMOBILIARIO
Centro Social Caixanova

8 NOVENBRO
CHARLA SIBER VENTILACIÓN
Delegación 19.00-21.30 hs

13 NOVENBRO
PRESENTACIÓN ALUMINIOS CORTIZO
Delegación 19.00-21.30 hs

22 NOVENBRO
PRESENTACIÓN TREXPA FACHADAS
Delegación 19.00-21.30 hs

16.- COMISIÓN DE CULTURA

Delegado: Víctor M. González Magdalena
Mónica Díaz Rodríguez

ORGANISMOS COS QUE SE COLABORA

Convenios de colaboración asinados pola Comisión de Cultura

Caixanova (convenio de colaboración en publicacións e día da Arquitectura e o Urbanismo)
CaixaGalicia (convenio para a itinerancia dos premios GRANDEAREA)
Universidade de Vigo (Exposición Campus de Vigo)
Concellería de Cultura (cesión de salas de exposicións)

EXPOSICIÓN

ITINERANCIA DOS PREMIOS GRANDEAREA
2 DE MAIO-24 DE XUÑO

Ao longo dos últimos cinco anos os PREMIOS GRANDEAREA DE APORTACIÓN Á ARQUITECTURA puderon verse cada ano nas salas de exposicións de Vigo.

No mes de maio iniciaron un percorrido por concellos da provincia de Pontevedra nos que se localizan as obras premiadas. Empezou en Nigrán (2-13 de maio), para continuar en Cangas (18 de maio-3 de xuño) e Gondomar (6-24 de xuño).

A exposición en Nigrán celebrouse na planta baixa da Casa do Concello .



Realizouse unha montaxe específica para o Concello de Cangas, onde se mostrou na Capela do Hospital.



En Gondomar pudo verse na Casa da Cultura as maquetas e o audiovisual e na Praza do Concello a montaxe ao aire libre coa totalidade dos proxectos galardonados.



CAMPUS DE VIGO. A CONSTRUCIÓN DUNHA IDENTIDADE 1 DE OUTUBRO-4 DE NOVEMBRO

O primeiro luns de outubro celébrase cada ano o Día Mundial da Arquitectura, unha conmemoración respaldada pola UNESCO. En 2007 considerouse que era o momento de destacar na súa integridade a arquitectura do Campus Universitario de Vigo. A exposición percorreu dende os primeiros proxectos urbanísticos e arquitectónicos ata o momento actual, cando o arquitecto brasileiro Paulo Mendes da Rocha, Premio Pritzker de Arquitectura 2006, está a proxectar a última das fases previstas.

O núcleo inicial de Desiderio Pernas, respectuoso co lugar á vez que estritamente contemporáneo; as aportacións de Alfonso Penela o gran coñecedor do lugar, con máis de vinte anos traballando no Campus; o proxecto central de EMBT, rematado co novo Rectorado; a biblioteca de Alberto Noguero e Pilar Díez; a ampliación de Minas de Gabriel Santos Zas e César Portela son obras que se tratan de xeito pomenorizado.



PROVOCACIÓN CONSTRUTIVA
NOVA ARQUITECTURA, DISEÑO SOSTIBEL EN VORARLBERG
7 DE NOVIEMBRE-27 DE NOVIEMBRE

Vorarlberg, a rexión máis ao oeste de Austria, está considerada un dos territorios máis interesantes en canto a arquitectura contemporánea en Europa. Neste lugar, no que existe urbanización dispersa na paisaxe, cambios na economía e a sociedade, e desintegración das estruturas sociais e culturais, conseguiron aplicar solucións innovadoras no deseño de espazos públicos e privados.

Nos anos 80 as construcións en madeira da "Escola de Vorarlberg adquiriron recoñecemento internacional mentras se fomentaba a participación activa dos habitantes no proceso de realización das súas vivendas.

Hoxe en día é un referente en arquitectura en aspectos como a cooperación arquitecto-propietario, a relación calidade-prezo, a ecoloxía, o respecto polo territorio e a arquitectura como gullo social.

A mostra chegou a Vigo grazas a un convenio de colaboración entre a Delegación en Vigo do COAG e o CIS Madeira, dependente da Consellería de Industria e innovación.



PREMIOS GRANDEAREA DE ARQUITECTURA 07
13 DE DECEMBRO-13 DE XANEIRO

Os premios GRANDEAREA DE APORTACIÓN Á ARQUITECTURA, son os galardóns que otorga a Delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia dende 2001 a arquitectos e promotores por obras visadas na Delegación.

Este ano as obras galardonadas foron dazasete pertencendo a categorías como as vivendas unifamiliares, edificios de vivendas, rehabilitacións e obra pública.

A presentación e entrega de premios celebrouse na Fundación CaixaGalicia, e a



continuación celebrouse a inauguración da exposición na Casa das Artes.



XORNADAS

A ARQUITECTURA DESDE VIGO 17-18 DE XULLO

O Consello da Cultura Galega, coa colaboración da Delegación, organizou o ciclo de conferencias A arquitectura desde Vigo. Estas xornadas forman parte do proxecto Cultura, Arquitectura, Identidade que analiza a actividade arquitectónica e cultural en Galicia na actualidade. As conferencias celebráronse no Real Clube Náutico de Vigo (Avenidas, s/n).

PROGRAMA

17 de xullo

Presentación e inauguración das xornadas

Ramón Villares

Salvador Fraga Rivas

Iago Seara

Marian Leboreiro e Enrique Urdiales

Víctor Freixanes

León López de la Osa

Javier Mariño

Vilas Puente, Arquitectos

José Luis Varela Alén e Víctor Rodríguez Romero

18 de xullo

Perfecto Cendón Domínguez e Javier Vázquez Fernández

Belinda Besada, Marister Failde e Víctor M. González Magdalena

Javier Franco e Vicente Pintos

Ángeles Santos, Carmen Ruíz Alarcón e Carlos Martínez González

Pablo Menéndez Paz

Xosé Carlos Rodríguez Otero

XORNADA "ARQUITECTURA EN MADEIRA"

MÉRCORES 28 DE NOVEMBRO

A Xornada sobre arquitectura en madeira foi a actividade final da exposición PROVOCACIÓN CONSTRUTIVA. ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA EN VORARLBERG co seguinte programa:

Experiencia Vorarlberg

Marina Hämmerle. Arquitecta e Directora do Vorarlberger Architektur Institut

Experiencias en Galiza

Idoia Camiruaga. Arquitecta e Presidenta da Delegación do COAG en Santiago




“Palitos. La construcción cotidiana con madera”.

Alicia Noya. Arquitecta

Rehabilitación da Fábrica de Curtidos de Belvís para centro medioambiental.

A madeira material innovador

Xosé Francisco Pedras. Director do CIS Madeira



A industria da madeira en Galiza

Belén Varela. Xerente do Clúster da Madeira de Galiza

CONFERENCIAS

“UNHA CIDADE” PAULO MENDES DA ROCHA
20 DE XUÑO

Na Sede da Fundación Caixagalicia o arquitecto brasileiro Paulo Mendes da Rocha, premio Pritzker 2006, “Unha cidade” presentou o proxecto para a cidade universitaria de Vigo. O acto foi organizado pola Universidade de Vigo e a Fundación Caixagalicia coa colaboración da Delegación

VIAXES PROFESIONAIS

VIAXE A MADEIRA

Do 11 ao 15 de outubro

Viaxe profesional a Madeira con visitas programadas aos seguintes lugares: Casa das Mudar (Paulo David), Edificio Habitacional K6, Piscinas e Paseio Marítimo do Atlántico (Paulo David), Centro Cívico do Estreito da Calheta (Barreira & Baptista), Rehabilitación do Colegio dos Jesuitas en Funchal (Matos & Marques), Centro de Artes da Calheta.



VISITAS GUIADAS

TAMARA DE LEMPICKA
30 DE XUÑO

Visita á exposición de pintura organizada pola Fundación CaixaGalicia , nun percorrido divertido e participativo, pensado para familias para que tamén os máis pequenos poidan disfrutar da imaxe dos inicios da modernidade.

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA
1 DE OUTUBRO

O programa de actividades incluíu visitas guiadas ao Campus:

Escola de Minas e Telecomunicacións, Gabriel Santos Zas
Biblioteca, Alberto Noguerol del Río e Pilar Díez
CUVI, José Quinteiro
Área Central e Rectorado, Cuquejo
Facultades de Económicas e Empresariales e Ciencias Xurídicas do Traballo,
Alfonso Penela

PUBLICACIÓNS

GUÍA DO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO

A Delegación editou nesta ocasión unha guía cos catro principios itinerarios arquitectónicos do Campus de Vigo. A publicación, que contén 120 páxinas, está coordinada polo arquitecto Xosé Carlos Rodríguez Otero e contén textos de Josep María Montaner, Alberto Gago, María A. Leboreiro Amaro, Gabriel Santos Zas, Alfonso Penela, EMBT, Alberto Noguerol e Pilar Díez.

17.- COMISIÓN DE PLANEAMENTO E MEDIO AMBIENTE

PXOM

O ano 2006, no que respecta ás actividades desenvolvidas pola Comisión referida no enunciado, centróuse no estudo dalgúns Plans Xerais de concellos do noso entorno e na participación en xornadas no Clube Financieiro Vigo.

PXOM'S

En canto aos PXOM's de concellos cercanos, non se iniciou a tramitación de ningún novo, a pesares de que a práctica totalidade dos Concellos están inmersos dun xeito ou de outro na renovación do seu Plan.

Salceda de Caselas está traballando no seu Plan, contratado a finais do 2005. Salvaterra de Miño aínda non o contratou a pesares de ter o correspondente concurso finalizado e pendente dende fai mais dun ano. Baiona e A Guarda, que tiñan expostos os seus Avances no ano 2005, non procederon á aprobación inicial e exposición ao público no ano 2006. Tampouco o fixo Redondela, que tiña exposto o seu Avance no ano 2002. Pontearreas procedeu durante o verán de 2006 a unha exposición sen aprobación previa dalgúns documentos do seu PXOM. Tampouco Santa María de Oia, que ten o seu novo PXOM contratado dende hai anos e ao parecer moi avanzado na súa execución, expuso documento algún. Mos acordou rescindir o contrato de redacción e convocar un novo. En ningún deses casos a CPMA actuou no ano 2006.

En Cangas anulóuse a aprobación inicial que tiña sido exposta e alegada polo COAG no ano 2005. En Moaña non se procedeu á aprobación provisional tras o proceso de participación cidadá do mesmo 2005. En Gondomar o PXOM que ten que substituír ao de 1997 (moi tocado por sentenzas xudiciais) foi redactado no ano 2006 pero aínda non foi aprobado e exposto ao público pola Corporación. Tampouco neses PXOM's interviú a CPMA no ano 2006.

En Vigo, Tui e Crecente procedeu a aprobar provisionalmente o PXOM no ano 2006, pero a CPTOPT aínda non procedeu en ningún dos casos á aprobación definitiva. Especial relevancia pública está a ter o caso de Vigo, pois recentemente (en febreiro do presente 2007) a CPTOPT devolveu o PXOM ó Concello para que éste modificase algunhas cuestións do mesmo, vólvese a proceder a súa aprobación provisional e o volve remiti-lo á Santiago. A pesares de que formóuse unha comisión técnica Xunta-Concello e fixéronse multitude de modificacións (alo menos iso contan os medios de comunicación), o certo é que os desacordos técnico-políticos aínda permanecen hoxe en día, de xeito que se descoñece cal vai ser a saída deste PXOM, quedando de momento retrasadas todas as decisións ao respecto ata despois das eleccións locais do 27.05.07. É posible que tras as mesmas se proceda á aprobación definitiva do documento aprobado provisionalmente no 2006 tal e como o foi, pero tamén é posible que se aprobe definitivamente con modificacións ou incluso que se rexeite dita repetida aprobación definitiva. De momento dende o 20 de febreiro o anterior PGOU do 1993 volveu a estar en vigor.

A CPMA procedeu ao análise pormenorizado da aprobación provisional do PXOM de Vigo 2006, con especial coidado nas repostas ás alegacións feitas no 2005 polo COAG e nas novidades do documento con respecto á aprobación inicial exposta ó público. Para elo volveuse a convocar aos 5 grupos de traballo con 24 arquitectos que analizaron o Solo Urbano Consolidado, o Solo Urbano non Consolidado zoa centro, o Solo Urbano non

Consolidado zoa exterior este, o Solo Urbano non Consolidado zoa exterior oeste e o resto de Solos. O proceso foi novamente coordinado polo noso colega Domingo Couto que xa tiña coordinado as alegacións do ano anterior. Como, polo dito no parágrafo anterior, descoñécese cal vai a ser o documento definitivo, non se lle deu traslado ós colegiados dese análise evitando así que o COAG participase na loita política no que se converteu o PXOM de Vigo.

A CPMA, en todos os casos e coma sempre, actuou analizando ditos plans pola súa operatividade, claridade e xestiónabilidade, tentando non entrar a valorar de xeito profundo nin o cumprimento das disposicións legais (laboura que lle corresponde lexítimamente á CPTOPT da Xunta de Galicia) nin no modelo de cidade (Prerrogativa de cada corporación municipal).

Por todo o antedito, e en función das composicións políticas das Corporacións que saian das eleccións, é posible que Moaña, Vigo e Tui teñan os seus Plans aprobados definitivamente no ano 2007. Tamén é posible que durante o ano 2007/08 sexan expostos ó público os PXOM's de Cangas, Redondela, Nigrán, Baiona, Gondomar, Oia, A Guarda e Pontearreas. Mais atrasada está Salceda que no mellor dos casos agardará á súa exposición ó ano 2008/09. Mos e Salvaterra aínda non empezaron coa redacción dos seus documentos, e non parece razoable pensar na súas exposicións ata 2009/10. En consecuencia, dentro da Área Metropolitana de Vigo, só O Porriño, cun PXOM aprobado no ano 2003, ten o seu próximo futuro tranquilo dende o punto de vista urbanístico.

COMITÉ EXECUTIVO DO FORO DO URBANISMO E AS INFRAESTRUCTURAS DO CLUBE FINANCIERO VIGO

Como membro do Comité Executivo do Foro do Urbanismo e as Infraestructuras (FUI) do Clube Financieiro Vigo (CFV) participouse no deseño, organización e desenvolvemento de tres Xornadas para o estudo global da Ria de Vigo durante o 2006.

A Ria de Vigo constitúe un referente único para todos os habitantes da nosa metrópoli. Moitas das nosas actividades xiran en torno a ela, incluso apóianse na mesma para poder desenvolverse, pero parece que o fan dun xeito improvisado, aproveitando aquilo que da Ría poden utilizar pero sen saber moi bien os límites globais en que moverse. Dende o punto de vista ambiental, coñecemos a súa paisaxe e actuamos urbanísticamente nela sen analizar os límites últimos onde chegar. Descoñecemos o estado das augas e temos un Parque Nacional declarado que pivota sobre as Illas Cíes. Dende o punto de vista de actividade marítima, a Ria de Vigo foi sempre a base da primeira industria pesqueira do mundo, dunha importante actividade acuicultora centrada no mexilón, dunha regulada aínda cada vez menor actividade marisqueira, dunha tradicional industria conserveira y da industria do frío mais importante de España. Se analizamos globalmente a nosa Industria non marítima, tamén temos que confesar que tanto o sector do automóvil como o da pedra teñen una estreita relación co mar, aínda que só sexa pola entrada e saída de mercancías.

DÍA MUNDIAL DO URBANISMO

8 de novembro

Por segundo ano consecutivo, a Delegación de Vigo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia programou distintas actividades no Día Mundial do Urbanismo. Nesta ocasión, o mércores 8 de novembro, realizáronse dúas actividades de divulgación que trataron de involucrar aos cidadáns e ao mundo da cultura coas preocupacións sobre o lugar que habitamos.

A celebración tivo dúas vertentes, unha de carácter literario, coa edición dunha publicación de difusión gratuíta, e outra de análise da cidade dende a óptica da arquitectura e a historia da súa evolución.

Para tal ocasión editouse unha publicación, NOS CIADÁNS, na que foron convidados a escribir sobre a cidade distintos persoeiros do mundo da cultura, que aportaron visións complementarias: un escritor, un arquitecto, un filósofo, un pintor e un xeógrafo. Durante o Día do Urbanismo repartiuse en tres puntos da cidade, a Praza de América, a Porta do Sol e a Praza do Rei. A publicación, coordinada pola presidenta da Delegación, inclúe o seguintes textos:

MANUEL FORCADELA, escritor	O poema da cidade
CÉSAR JIMÉNEZ, arquitecto	Reflexiones sobre la ciudad
ARTURO LEYTE, filósofo	La ciudad
DIN MATAMORO, pintor	En el camino del taller
X M. SOUTO, xeógrafo	Espazos públicos en territorios urbanos

O Colexio organizou unha serie de visitas guiadas en autobús á cidade durante todo o día. Os percorridos contaron cos comentarios "in situ" do arquitecto Fernando Costas Abreu e o historiador Xosé Ramón Iglesias Veiga.

Tratouse de facer algunhas preguntas sobre a identidade de Vigo, os seus proxectos urbanísticos, a destrución e construción urbana e os modelos de calidade de vida urbana. Analizaronse o borde litoral, a relación da cidade co mar e a perspetiva urbana dende: o monte da Guía, Guixar, Montero Ríos, o Centro Histórico e as orixes do entramado urbano, Bouzas e Alcabre.

AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES

Presidente César Jiménez López

CHARLA-COLOQUIO:
24 de maio ás 19.00 hs

Charla-coloquio organizada dentro do programa de formación da Agrupación dirixida aos agrupados pero tamén a totalidade do colectivo dos arquitectos. Impartida por Maxistrados do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

PROGRAMA

"La responsabilidad de la dirección facultativa de accidentes laborales en la edificación"

D. José Manuel Mariño Cotelo
Maxistrado Presidente da Sección 4ª da Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

"Transcendencia penal de la infracción de las normas de prevención de riesgos laborales"

D. José Antonio Ballester Pascual

Maxistrado da Sala do Civil e Penal do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

"Responsabilidad por los vicios de la construcción"

D. José Luis Seoane Spilberg

Maxistrado Presidente da Sección 4ª da Audiencia Provincial da Coruña

CONVERSACIÓN COS NOSOS AVOGADOS
14 de novembro

O martes 14 de novembro as 19.00 horas terá lugar na Aula Socio-cultural da Fundación Caixagalicia a charla "Conversación cos nosos avogados", sobre os temas que máis inqueadan no desenvolvemento do exercicio profesional en relación coa administración de xustiza.

Interveñen os letrados:

- Clara Beiró Calvo
- Patricia Álvarez Canella
- Rafael Lariña Graia
- Alberto Martín Menor
- Alfonso Álvarez Gándara
- Javier Munaiz Puig
- Xavier Munaiz Alonso

Vigo a 17 de abril de 2008

Vº e Pr.
O PRESIDENTE,

A SECRETARIA,

Asdo.: Salvador Fraga Rivas

Asdo.: Alba Rodríguez Álvarez

Dándose conta da memoria de xestión do ano 2007 do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, na Xunta Xeral Ordinaria do 30 maio 2008

Santiago de Compostela

Secretario_Xunta de Goberno COAG
Alfredo González Cascallana



COAG

**Colexio
Oficial de
Arquitectos de
Galicia**